

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

# **REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 6 DE XULLO DE 2026, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

### **PROXECTOS DE LEI**

#### **CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE**

- Proxecto de lei de medidas integrais contra o acoso e a violencia dixital de Galicia.

### **ACORDOS**

#### **CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Baños de Molgas para a execución do proxecto denominado Nave municipal para os servizos de medio ambiente e emerxencias, por importe total de douscentos noventa e un mil cento un euros con cincuenta e seis céntimos (291.101,56 €).

#### **CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP**

- Acordo polo que se autoriza á Axencia Galega de Innovación a realización de pagamentos anticipados ata o 70 % da subvención concedida co límite de que a suma dos anticipos non excederá a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario, e a eximir da obriga de constituír garantías, polo importe dos pagamentos anticipados establecido nas bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das axudas destinadas ao apoio de entidades que superaron os limiares mínimos do programa Neotec do Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico e a Innovación (CDTI) na súa convocatoria do ano 2025, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026, por importe de dous millóns seiscientos vinte e cinco mil euros (2.625.000,00 €), cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto na normativa de subvencións de Galicia, no Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Federación Down Galicia, para o financiamento de programas destinados ás persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual e ás súas familias e do mantemento da federación para o exercicio 2026. Importe: un millón douscentos sete mil seiscentos oito euros (1.207.608,00 €).
- Acordo polo que se autoriza á Consellería de Política Social e Igualdade a adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual, a establecer porcentaxes superiores nos pagamentos anticipados e a conta aos recollidos na normativa reguladora das subvencións de Galicia, e a eximir da obriga de constituír garantías, na Orde pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para a posta en marcha de casas do maior, para os anos 2026 e 2027, e se procede á súa convocatoria. Importe total: cincocentos trinta e sete mil douscentos noventa e seis euros con oitenta céntimos (537.296,80 €).

### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se declara proxecto industrial estratéxico o proxecto dunha nave para centro industrial de incubación de ovos promovido por Avícola de Galicia S.A.U, que se vai implantar no concello de Friol (Lugo).
- Acordo polo que se autoriza o compromiso de gastos de carácter plurianual, a superar o límite no pagamento anticipado e no importe conxunto dos pagamentos a conta e anticipados, derivados da Resolución pola que se dá publicidade do acordo do Consello de Dirección do Igape que aproba as bases reguladoras do Programa de adquisición de competencias profesionais en materia de internacionalización empresarial, e se procede á súa convocatoria para os anos 2026-2027-2028 en réxime de concorrencia competitiva, por un importe total de dous millóns oitocentos oitenta mil setecentos sesenta e nove euros con vinte céntimos (2.880.769,20 €).

### CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza á Sociedade de Vivenda Pública de Galicia S.A. a licitación das obras de construción dun edificio de 58 vivendas de promoción pública (VPP), garaxes, rochos e locais comerciais na parcela 15 do sector PP-1-R do Bertón, Concello de Ferrol (A Coruña), cun orzamento de licitación e valor estimado, IVE excluído, de dez millóns douscentos setenta e oito mil cincocentos quince euros con trece céntimos (10.278.515,13 €).

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do acordo de cooperación entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o Concello de Xunqueira de Ambía, para a execución das obras de Acondicionamento da canella Jorge Alberto Ferreiro e da praza da Eiriña, por un importe de douscentos setenta e un mil douscentos corenta e cinco euros con corenta e seis céntimos (271.245,46 €).

## CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se aproba o Plan de saúde ambiental en Galicia 2026-2030.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Érguete de Vigo, para o desenvolvemento de programas de incorporación social a pacientes con trastornos adictivos. Programa atención xurídico social (PAXS), por importe de cento oitenta e un mil trescentos noventa euros (181.390,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a contratación, mediante acordo marco cun único empresario, da subministración sucesiva de anticorpos monoclonais e conxugados indicados no tratamento do cancro de mama aos centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde, por un valor estimado de trinta e cinco millóns novecientos vinte e sete mil seiscentos trinta e seis euros con sete céntimos (35.927.636,07 €).
- Acordo polo que se autoriza a contratación mediante acordo marco con varios empresarios, da subministración sucesiva de diversos medicamentos inhibidores da (ADP- RIBOSA) POLIMERASA (PARP) aos centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde, por un valor estimado de once millóns setecentos setenta e catro mil catrocentos oitenta euros con sesenta e un céntimos (11.774.480,61 €).

## CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a realización do pagamento anticipado do 100 % da subvención concedida, en relación co proxecto de Orde pola que se regulan as bases que rexerán a concesión de subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social dirixidos á xuventude e ao voluntariado, con cargo á asignación tributaria do 0,7 % do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e do Imposto de Sociedades no ano 2026 por un importe total dun millón oitocentos seis mil oitocentos noventa e seis euros e oitenta céntimos (1.806.696,80 €).

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza á Axencia Galega das Industrias Culturais á realización de pagamentos anticipados ata o 80 % da subvención concedida e a exención de constituír garantía para os pagamentos anticipados e a conta na Resolución pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas para o desenvolvemento de proxectos audiovisuais galegos cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 por importe de un millón douscentos mil euros (1.200.000 €).

### **CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, a Deputación Provincial de Ourense e o Concello do Ribadavia para a reforma e a modernización da praza de abastos, por un importe dun millón seiscentos mil euros (1.600.000,00 €).

### **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre o Ministerio de Defensa e a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, para a prevención de incendios forestais en Galicia durante a campaña 2026, por importe de cincocentos noventa e tres mil oitocentos quince euros con trinta e dous céntimos (593.815,32 €).

## INFORMES

### **CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

- Informe sobre a resolución de concesión dos proxectos beneficiarios da anualidade 2026 da convocatoria O teu Xacobeo.

### **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO**

- Informe sobre as actuacións de saneamento e depuración na Mariña e a nova Estación depuradora de augas residuais de Burela.

### **CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP**

- Informe sobre o balance de execución do Plan de nova arquitectura pedagóxica 2021-2026.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

- Informe sobre o sector TIC en Galicia e actividade desenvolvida polo Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA).

### **CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS**

- Informe sobre a aprobación definitiva e próxima licitación do contrato de obra Senda na PO-313, treito Cadro - Cadrelo (Marín), cun orzamento base de licitación, IVE incluído, de setecentos corenta e un mil cincocentos vinte e nove euros con oito céntimos (741.529,08 €).

### **CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE**

- Informe sobre as xornadas de voluntariado interxeracional no medio rural Rede galega de oficios vivos .

### **CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN**

- Informe sobre os resultados da convocatoria de axudas para a contratación de persoal técnico de orientación laboral no ano 2026.

### **CONSELLERÍA DO MAR**

- Informe sobre o rumbo á reforma da política pesqueira común para garantir o futuro da pesca europea e das comunidades costeiras.
- Informe sobre a asunción de Galicia da coordinación pesqueira das CCAA no Consello Agrifish da UE.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA ANUNCIA A APROBACIÓN DO PROXECTO DA LEI GALEGA DE MEDIDAS INTEGRAIS CONTRA O ACOSO E A VIOLENCIA DIXITAL**

- Resalta que “será a primeira norma en España” específica nesta materia e ten como obxectivo dar resposta ás novas formas de violencia que teñen a súa orixe nas tecnoloxías da información e da comunicación, como internet ou as redes sociais
- A conselleira de Política Social e Igualdade sinala que o texto lexislativo remitirase agora ao Parlamento autonómico co obxectivo de que “estea aprobado este ano”
- Entre outras accións, a lei prevé a aprobación dun Plan integral contra o acoso escolar e o ciberacoso ou a creación dun servizo gratuíto de borrado da pegada dixital

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Consello vén de aprobar o proxecto da Lei de medidas integrais contra o acoso e a violencia dixital de Galicia, “a primeira de toda España neste eido”. O obxectivo é afrontar as novas formas de violencia xurdidas da expansión do usos das novas tecnoloxías da información e da comunicación, como internet ou as redes sociais. “Un dos perigos é unha nova cara da violencia de xénero: a violencia dixital”, indicou.

A Xunta iniciou o pasado mes de setembro a tramitación deste proxecto abríndoo a consulta pública para que as entidades e a cidadanía interesada presentasen as súas achegas. Unha vez rematada esta fase de consulta e tras analizar as suxestións recibidas, o Consello deu luz verde ao proxecto, que agora se remite ao Parlamento de Galicia para comezar a súa tramitación cando comece o novo período de sesións. “A previsión é que a lei estea aprobada este mesmo ano 2026 para dar resposta a unha forma de violencia de xénero, a violencia dixital, cada vez mais habitual”, indicou a conselleira de Política Social e Igualdade, Fabiola García.

Nesta liña, lembrou que se admitiron varias alegacións presentadas por nove entidades “para reforzar a protección das vítimas con discapacidade e as persoas trans” así como adaptar cuestións técnicas da normativa.

O proxecto está composto de catro títulos, 26 artigos, dúas disposicións adicionais e outras dúas derradeiras. En canto aos obxectivos que persegue son, fundamentalmente, catro: establecer os principios reitores de actuación no ámbito da comunidade autónoma en materia de acoso e violencia dixital; regular medidas de sensibilización, prevención e detección; promover a formación de persoal da Xunta, do sector público e das forzas e corpos de seguridade do Estado; e, por último, establecer medidas de protección e apoio ás vítimas.

#### **Medidas**

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Neste sentido, as principais medidas que prevé este marco xurídico son, no eido educativo: a inclusión obrigatoria de contidos formativos en competencia dixital nos currículos de todas as etapas educativas non universitarias e a aprobación dun Plan integral contra o acoso escolar e o ciberacoso.

A lei tamén recolle a necesidade de promover acordos con persoas e empresas que ofrecen servizos a través de internet (plataformas e redes sociais) con dúas finalidades: elaborar e aplicar medidas de sensibilización e de prevención; así como establecer criterios e mecanismos áxiles e urxentes de denuncia e retirada de contidos relacionados co acoso e a violencia dixital.

Outra medida que fixa a norma, tal e como explicou a conselleira, é a posta en funcionamento "dun servizo gratuíto de borrado da pegada dixital" para suprimir material dixital que continúe accesible en rede e que se empregou como instrumento de acoso ou violencia. A eliminación deste material requirirá de resolución xudicial expresa.

Ademais, a normativa fixa a creación dun servizo gratuíto de asesoramento no que as vítimas recibirán apoio técnico e información para previr novos ataques ou supostos de violencia dixital. Nesta mesma liña, articularanse medidas para facilitar o acceso das vítimas á información, orientación e apoio xurídico; e elaborárase unha guía informativa sobre dereitos das vítimas, que incluírá pautas básicas de seguridade informática e recomendacións para salvagardar evidencias dixitais que poidan ser constitutivas de delito.

### **Combater a violencia e apoiar as vítimas**

Esta nova lei reafirma o compromiso da Xunta na loita contra todas as formas de malos tratos ás mulleres, así como coa súa protección e apoio. O presidente lembrou que Galicia é un referente neste eido ao ser "a primeira comunidade en ter unha lei específica nesta materia", que actualizamos para incluír novos tipos de violencia como a sexual ou a vicaria.

Ademais, a comunidade tamén foi pioneira en ofrecer unha prestación económica anual para todas as vítimas e conta cunha extensa rede de casas de acollida, que ampliará cun novo centro en Santiago de Compostela especializado para mulleres vítimas con problemas de adiccións.

Así mesmo, a estes programas e servizos engádesse unha extensa rede de Centros de Información á Muller (CIM), con 84 recursos que dan cobertura a máis de 200 concellos e que vén de ser reforzada coa posta en marcha de catro unidades móbiles para achegar estes servizos a municipios rurais e aos campus universitarios.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA COLABORARÁ CO CONCELLO DE BAÑOS DE MOLGAS PARA CONSTRUIR UNHA NOVA NAVE MUNICIPAL DESTINADA AOS SERVIZOS DE MEDIO AMBIENTE E EMERXENCIAS**

- O Consello da Xunta autoriza o convenio de colaboración para garantir un espazo para estes servizos esenciais para a veciñanza tras os danos do anterior inmovble
- O Goberno galego achegará 80.000 euros en dúas anualidades a esta actuación, o que supón case un 30 % do investimento total

O Consello da Xunta autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta e o concello ourensán de Baños de Molgas para a construción dunha nova nave municipal destinada aos servizos de medio ambiente e emerxencias. O Goberno galego achegará unha achega máxima de 80.000 euros que representa case un 30 % do orzamento total previsto para esta actuación.

Deste xeito, a construción da nova nave permitirá restituír a capacidade operativa dos servizos de medio ambiente e emerxencias, garantindo a seguridade, a eficiencia e a continuidade dun servizo esencial para a veciñanza. De feito, o acordo aliñase cos obxectivos do Fondo de Compensación Ambiental garantindo unha actuación necesaria para o concello e vinculada á protección do medio ambiente e á xestión das emerxencias.

Cómpre aclarar que o concello precisa levar a cabo este proxecto tras os danos causados na nave que tiña alugada para albergar o material destes servizos e que sufriu importantes danos na cuberta, na estrutura metálica ou na instalación eléctrica tras un temporal de vento e choiva rexistrado en marzo do ano pasado. Por este motivo, a maquinaria e os materiais redistribuíronse noutras instalacións municipais e ante a falta dun espazo no municipio para substituír o anterior, o Concello decidiu levar a cabo este proxecto de construción dunha nova nave.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA DESTINARÁ 2,6 M€ PARA RESCATAR PROXECTOS DE EMPRESAS INNOVADORAS SEN FINANCIAMENTO ESTATAL

- O Consello aproba axudas para apoiar iniciativas galegas que quedaron fóra do programa nacional por insuficiencia de crédito co obxectivo de facelas viables
- As subvencións autonómicas cubrirán os plans de negocio das startups ata 2028 en ámbitos prioritarios como a biotecnoloxía, a IA ou as tecnoloxías cuánticas
- A Xunta apoiou desde 2021 a 34 empresas cun investimento de 11,7 M€, cos que se financiaron 220 postos de traballo en sectores como TIC e biotecnolóxico

A Xunta destinará 2,6 M€ a rescatar proxectos innovadores excelentes de empresas galegas que foron seleccionados na última convocatoria estatal Neotec do CDTI (Centro para o Desenvolvemento da Tecnoloxía Industrial), pero que finalmente quedaron fóra por falta de crédito. O obxectivo do Goberno galego é financiar estas iniciativas que destacan pola súa calidade para facelas viables e evitar que decaian por falta de apoio.

Poderán optar a estas subvencións da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP os plans de negocio de empresas tecnolóxicas de recente creación, as chamadas startups, que prevén a comercialización de produtos e servizos innovadores que quedaran finalistas na convocatoria estatal. Trátase, polo tanto, de proxectos empresariais intensivos no uso de tecnoloxías ou coñecementos desenvolvidos a partir da actividade investigadora desenvolvida na nosa Comunidade. As potenciais destinatarias son pequenas empresas con sede social ou centro de traballo permanente en Galicia.

A Xunta reafirma así o seu compromiso de dar apoio á I+G+i para fortalecer o ecosistema galego de investigación co reto de converter a nosa Comunidade nunha referencia para impulsar startups de base tecnolóxica. Neste caso, as axudas cubrirán accións que se leven a cabo entre 2026 e 2028. Para iso, as empresas que desexen optar a este programa, que será convocado proximamente a través do Diario Oficial de Galicia (DOG), terán de prazo ata o 30 de setembro para presentar a súas solicitudes.

#### **Axudas de ata 325.000 €**

As axudas poden solicitarse para actuacións anuais ou plurianuais. Ademais, primarase a incorporación de persoas con grao de doutor á empresa para reforzar as súas capacidades de absorción e xeración de coñecemento. A subvención máxima da Xunta é de 325.000 euros por proxecto.

Nesta convocatoria inclúese como novidade o financiamento de proxectos STEP (Plataforma de Tecnoloxías Estratéxicas para Europa). Estes proxectos céntranse nas tecnoloxías críticas, como son a biotecnoloxía, a intelixencia artificial ou as tecnoloxías cuánticas, que son precisamente tres ámbitos de especialización prioritarios para Galicia tal e como establece o devandito Plan de investigación e innovación autonómico.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **Única comunidade con esta liña de apoio**

Co fin de favorecer que as startups galegas capten máis apoio para competir co resto de empresas nacionais, a Axencia Galega de Innovación puxo en marcha hai cinco anos esta liña de subvencións, que conta con fondos europeos FEDER 2021-2027. Galicia foi xa pioneira en 2021 con esta iniciativa de rescate. De feito, segue a ser a única comunidade autónoma que ten en marcha un programa de rescate de proxectos excelentes.

Neste período, o Executivo galego apoiou a 34 empresas cun investimento de 11,7 M€, co que se financiaron máis de 220 postos de traballo en distintos ámbitos, entre os que destacan os sectores TIC e biotecnolóxico. Con esta nova convocatoria, dotada de 2.625.000 euros, o investimento da Xunta nestas axudas alcanzará os 14,3 M€.

O emprendemento tecnolóxico é un pilar básico do Plan galego de I+D+i 2025-2027 na aposta da Xunta pola economía do coñecemento, contribuíndo á consolidación das empresas de base tecnolóxica de recente creación. No ámbito nacional, o programa Neotec do CDTI recibe moitas solicitudes e non todas conseguen financiamento.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### O GOBERNO GALEGO APOIA CON 1,2 M€ AS ACTIVIDADES DE DOWN GALICIA

O Consello da Xunta dá luz verde a un convenio de colaboración con esta federación

O Consello da Xunta autorizou hoxe a firma dun novo convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e Down Galicia para financiar ao longo deste ano as actividades e servizos que desenvolve esta federación, con presenza nas sete grandes cidades da comunidade. O orzamento deste acordo é de 1,2 millóns de euros de fondos propios da Administración autonómica e ten por obxecto garantir a continuidade das actuacións que desenvolve esta entidade para mellorar o benestar das persoas con discapacidade intelectual con síndrome de Down.

Así, a través destes fondos, a Xunta contribúe a sufragar distintos programas de Down Galicia, como o de atención temperá, o de formación para o emprego e de orientación laboral, ou o de preparación para a vida adulta e independente. A finalidade deste acordo é apoiar ás persoas usuarias dos servizos e iniciativas desta federación para que gañen en autonomía e que, deste xeito, melloren a súa calidade de vida. Ademais, axúdase as familias para que conten coa información, orientación e apoios que precisen.

Este acordo enmárcase no apoio do Goberno galego ao tecido asociativo que traballa na atención ás persoas con discapacidade. Trátase dun convenio que se suma ao financiamento por parte da Xunta dos servizos de logopedia, formación prelaboral e promoción da autonomía persoal que prestan as entidades de Down Galicia, así como ás axudas do 0,7 % do IRPF que recibe esta entidade cada ano para soste r programas destinados ás persoas con discapacidade.

Así mesmo, este convenio con Down Galicia é un dos 12 de carácter nominativo que se firman ao longo deste ano coas grandes federacións deste ámbito por valor de case seis millóns de euros en total. O fin destes acordos é garantir o labor e os servizos que prestan as entidades de iniciativa social en favor deste colectivo e das súas familias.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA SEGUE A AMPLIAR A REDE DE CASAS DO MAIOR NO RURAL CUNHA NOVA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A CREACIÓN DE DEZ RECURSOS MÁIS DESTI TIPO

- O orzamento desta orde de achegas supera os 500.000 euros
- Con esta nova convocatoria poderase chegar ata os 158 centros en funcionamento, que supoñen preto de 800 prazas gratuítas de coidados de proximidade

O Consello da Xunta de hoxe autorizou unha nova orde de axudas para a posta en marcha de dez casas do maior, recursos dirixidos ao coidado de persoas maiores que viven en concellos pouco poboados e do rural. O orzamento global desta liña de achegas é de 537.296,80 euros para este ano e o seguinte, e suporán a creación de 50 prazas de atención diúrna totalmente gratuítas, cinco por centro.

Desde que se puxeron en marcha hai sete anos as primeiras casas do maior o seu número non parou de medrar e hoxe Galicia conta con 148 equipamentos deste tipo. Polo tanto, esta orde de subvencións podería ampliar esta rede de coidados de proximidade ata as 158 e as 790 prazas de balde.

Como xa acontecía en convocatorias pasadas, esta mantén unha axuda adicional de 150 euros semanais nos casos de baixa por maternidade ou permiso de paternidade da persoa encargada da casa do maior durante o período que dure a dita baixa ou permiso. Noutros tipos de baixa de longa duración tamén se aboará un complemento de 150 euros semanais a partir da terceira semana da baixa, cun límite de catro semanas.

Así mesmo, cómpre lembrar que, a través desta orde, a Xunta concede por casa do maior ata un máximo de 15.000 euros para gastos de investimento e 25.400 euros ao ano como axuda para o desenvolvemento da actividade. Adicionalmente, aboaranse 10 euros por persoa e día a aquelas promotoras que asuman o desprazamento dos usuarios.

Unha vez que a convocatoria xa ten o visto e praxe do Consello, nos vindeiros días publicarase no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) para, ao día seguinte, abrirse o prazo dun mes para a presentación de solicitudes.

#### **Coidados individualizados en horario flexible**

As casas do maior son recursos de proximidade que garanten aos maiores do rural ter acceso a unha atención individualizada e 100 % gratuíta sen saíren da súa contorna. Esta atención comprende a manutención, a hixiene e o desenvolvemento de actividades de lecer e cognitivas.

Ademais, este servizo prestase un máximo de oito horas diarias de luns a venres en horario flexible e durante todo o ano, agás os días festivos e o mes de vacacións, no que o equipamento permanecerá pechado.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Xunta aposta por continuar estendendo estes recursos por todo o territorio galego porque melloran a calidade de vida das persoas maiores, facilitan a conciliación das familias e axudan a fixar poboación no rural e a dinamizar a economía dos concellos nos que se asentán.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA DECLARA NOVO PROXECTO INDUSTRIAL ESTRATÉXICO O FUTURO CENTRO DE INCUBACIÓN DE OVOS DA EMPRESA AVIGAL EN FRIOL

- A iniciativa prevé un investimento superior aos 28 millóns de euros e a creación de máis dunha trintena de postos de traballo
- As instalacións incorporan solucións tecnolóxicas avanzadas para adaptarse aos novos estándares de competitividade e sustentabilidade
- Este é o décimo sétimo proxecto industrial activo declarado estratéxico polo Goberno galego, que suman unha mobilización global de preto de 1.800 millóns de euros e máis de 3.700 postos de traballo

O Consello da Xunta avaliou esta mañá a declaración como Proxecto Industrial Estratéxico (PIE) da construción dun centro industrial de incubación de ovos en Friol, impulsado pola firma Avícola de Galicia SAU (Avigal). As novas instalacións suporán un investimento superior aos 28 millóns de euros e a creación de máis dunha trintena de postos de traballo entre directos e indirectos. A súa entrada en funcionamento está prevista para o vindeiro ano.

O centro de Friol, deseñado para operar como unha "planta piloto" de alta tecnoloxía, ocupará unha superficie de 12.605 metros cadrados e terá capacidade para producir máis de 62 millóns de pitos ao ano (1,5 millóns de ovos á semana), que, logo de nacer e tras o proceso de incubación, serán trasladados fóra da planta para continuaren coa cadea de produción. A explotación tamén contará cunha estación depuradora de augas residuais.

As futuras instalacións incorporan solucións tecnolóxicas avanzadas en materia de dixitalización, bioseguridade e un sistema de automatización, que inclúe robótica para a xestión de bandexas e o despregamento de vehículos autónomos para o movemento de carros. A incorporación destas solucións innovadoras favorece a eficiencia dos procesos produtivos e reforza a capacidade tecnolóxica do sector avícola galego, ao tempo que se facilita a adaptación aos novos estándares de competitividade e sustentabilidade.

#### **Bioseguridade 4.0**

A planta de Friol integra tamén a bioseguridade 4.0 para minimizar os riscos de infección mediante fluxos de traballo estritamente unidireccionais e un sistema de presión positiva do aire que neutraliza os riscos de contaminación cruzada e eleva o estándar sanitario a niveis de biotecnoloxía.

Avigal é unha empresa asentada na localidade pontevedresa de Campañó, que pertence ao Grupo Vall Companys, a primeira industria agroalimentaria española. Desde a década dos 60, dedícase á explotación e comercialización de granxas agrícolas e gandeiras, e as súas principais actividades son a crianza de pito de engorda e a explotación dun

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

matadoiro avícola para a venda de produto fresco e conxelado, o seu despezamento e derivados. En coordinación co Grupo Sada, empresa tamén do Grupo Vall Companys, xestiona unha rede de 218 explotacións de engorda localizadas en diversos lugares de Galicia. Para o desenvolvemento da súa actividade, tanto Avigal como o Grupo Sada manteñen contratos de integración con 218 explotacións de engorda de pito, todas elas situadas na Comunidade galega.

O proxecto para construír o centro industrial de incubación de ovos en Friol forma parte dunha iniciativa máis ampla que prevé desenvolver Avícola de Galicia na nosa comunidade e na que está proxectado un investimento de 40 millóns de euros. Este desembolso permitirá integrar a produción de ovo fértil e pechar o ciclo produtivo en Galicia, ademais de garantir unha autonomía operativa absoluta.

### **17 Proxectos estratéxicos activos**

Este será o décimo sétimo proxecto activo declarado estratéxico polo Goberno galego que, xunto cos anteriores, suman unha mobilización global de máis de 1.700 millóns de euros e superan os 3.700 empregos. Entre eles, atópanse iniciativas como a planta de xeración, almacenamento e distribución de hidróxeno verde no concello de Arteixo, promovida por AccionaPlug; a factoría de biometano impulsada por Norbiogas Biometanol no polígono industrial de Curtis; a nova planta de produtos do mar conxelados de Congalsa, na Pobra do Caramiñal (A Coruña) ou a ampliación da fábrica de Urovesa en Valga, entre outros.

A construción do centro industrial de incubación de ovos en Friol está incluída no Plan autonómico de impulso e aceleración de proxectos industriais, dirixido a impulsar e facilitar a implantación e ampliación en Galicia de iniciativas que creen riqueza e contribúan ao desenvolvemento do tecido empresarial e industrial.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA IMPULSA 40 BOLSAS DE COMERCIO EXTERIOR PARA MENORES DE 35 ANOS CON FORMACIÓN EN MERCADOS ESTRATÉXICOS PARA GALICIA COMO EE. UU, MÉXICO OU CANADÁ**

- A Xunta destina preto de 2,9 millóns de euros a unha nova convocatoria de bolsas dirixidas a titulados universitarios
- Os beneficiarios desenvolverán a súa formación en organismos e entidades de referencia da internacionalización, como as antenas do Igape, oficinas comerciais de España no exterior, cámaras de comercio, organismos multilaterais, axencias de promoción económica e empresas con actividade internacional
- Máis de 400 profesionais especializáronse xa a través deste programa clave para mellorar a competitividade das pemes galegas e chegar a novos mercados

O Consello da Xunta autorizou hoxe unha nova convocatoria do programa de adquisición de competencias profesionais en materia de internacionalización empresarial, impulsado pola Consellería de Economía e Industria a través do Igape e dotado con preto de 2,9 millóns de euros. A iniciativa permitirá que 40 mozos e mozas con titulación universitaria adquiren experiencia práctica en comercio exterior mediante un itinerario formativo que combina estadias en Galicia e no estranxeiro, contribuíndo a reforzar o talento especializado que precisan as empresas galegas para consolidar a súa presenza nos mercados internacionais.

As bolsas están dirixidas a persoas menores de 35 anos con titulación universitaria superior e un nivel mínimo de inglés B2. Terán unha duración inicial de once meses, prorrogables por outros once, e desenvolveranse en organismos e entidades de referencia como as antenas do Igape, oficinas comerciais de España no exterior, cámaras de comercio, organismos multilaterais, axencias de promoción económica, centros de investigación ou empresas con actividade internacional.

Os destinos previstos abranguen países de Europa, América, Asia e África, que lles permitirán ás persoas beneficiarias adquiriren experiencia profesional en contornas internacionais de alto valor engadido, así como coñecer de primeira man o funcionamento dos mercados exteriores.

Desde a súa posta en marcha, o programa consolidouse como unha das principais canteiras de profesionais especializados en comercio exterior de Galicia. Máis de 400 persoas completaron xa esta formación, unha cifra que se elevará ata preto de 450 ao remate da 17 edición actualmente en marcha.

Moitos destes profesionais desenvolveron a súa actividade en mercados estratéxicos como Estados Unidos, China, Canadá, Emiratos Árabes Unidos, Corea do Sur ou Australia, acadando un elevado nivel de inserción laboral.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A alta demanda destes perfís por parte do tecido empresarial confirma o valor dunha iniciativa que facilita ás empresas galegas a incorporación de profesionais con experiencia internacional e contribúe a reforzar a súa competitividade e capacidade de expansión exterior.

O programa de bolseiros de Igape forma parte da estratexia da Xunta para impulsar a internacionalización da economía galega, combinando a formación de capital humano especializado co apoio directo ás empresas nos seus procesos de apertura e consolidación en mercados internacionais.

### **Ata 55.500 euros**

Neste ámbito, o Igape impulsa tamén programas como Galicia Exporta Empresas e Galicia Exporta Organismos Intermedios, destinados a apoiar accións de promoción comercial no exterior, así como as iniciativas Foexga, desenvolvidas en colaboración coas cámaras de Comercio para facilitar a participación das empresas galegas en feiras internacionais e misións comerciais.

A convocatoria publicarase mañá martes, 7 de xullo, no *Diario Oficial de Galicia*. As persoas interesadas disporán dun prazo dun mes para presentar as súas solicitudes. As bolsas, cuxa contía pode alcanzar os 55.500 euros en función do destino, desenvolveranse ao longo de 2027, con posibilidade de prórroga ata finais de 2028 consolidando un itinerario formativo que facilita a incorporación de novos profesionais ao ámbito da internacionalización e reforza a capacidade das empresas galegas para competir con éxito nos mercados internacionais.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA LICITARÁ POR PRETO DE 10,3M € A OBRA DE CONSTRUCCIÓN DE 58 NOVAS VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA NO CONCELLO DE FERROL

- Estes fogares localizaranse nunha parcela do Bertón, urbanizada pola Xunta
- O financiamento da construción está garantido con fondos autonómicos

O Consello da Xunta autorizou hoxe a licitación do contrato de execución das obras de construción de 58 vivendas de promoción pública que se construíran na parcela P-15 do Bertón, no concello de Ferrol, urbanizada pola Xunta.

O importe de licitación do contrato, sen IVA, será de 10.278.515,13 euros. O financiamento da construción está garantido con fondos autonómicos.

A parcela onde se situarán as vivendas de promoción pública (VPP) ten unha superficie de 1.882 metros cadrados.

O edificio construírase segundo o proxecto redactado por UTE Monteoliva-Fraga y Mantiñan Bertón 2, licitado por 452.957,74 euros.

A edificación proxectada ten unha superficie construída total de 8.698,04 m<sup>2</sup>.

O novo inmovible constará dunha planta de soto destinada a garaxes, rochos e locais de instalacións, que ocupa toda a superficie da parcela; planta baixa dedicada a soportais de uso público, 6 portais de acceso e locais de instalacións, reserva para o almacén de contedores do lixo, cuartos de limpeza, rochos, cuarto de comunidade e 4 locais comerciais; e plantas altas para uso vivenda.

#### **Distribución e usos por plantas:**

**Planta soto:** reservada a garaxes, rochos e locais de instalacións, que ocupa toda a superficie da parcela.

**Planta baixa:** destinada a soportais de uso público, 6 portais de acceso e locais de instalacións, reserva para o almacén de contedores do lixo, cuartos de limpeza, rochos e 4 locais comerciais.

**Planta primeira, segunda e terceira:** destinadas a 16 vivendas por cada planta (3 vivendas de 1 dormitorio, 7 vivendas de dous dormitorios e 6 vivendas de tres dormitorios en cada unha das plantas).

**Planta cuarta:** destinada a 10 vivendas (1 vivenda de un dormitorio, 5 vivendas de dous dormitorios e 4 vivendas de tres dormitorios).

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En función do número de dormitorios, as vivendas repártense da seguinte maneira:

Nº DE VIVENDAS POR Nº DE DORMITORIOS						
	PLANTA	1ª	2ª	3ª	4ª	TOTAL
dormitorios	1D	3	3	3	1	10
	2D	7	7	7	5	26
	3D	6	6	6	4	22
<b>TOTAL VIVENDAS</b>		<b>16</b>	<b>16</b>	<b>16</b>	<b>10</b>	<b>58</b>

A Xunta ten en marcha en Ferrol un total de 353 vivendas de promoción pública, todas elas en parcelas urbanizadas pola Administración autonómica.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**A XUNTA COLABORA CO CONCELLO DE XUNQUEIRA DE AMBÍA NO ACONDICIONAMENTO DA CANELLA JORGE ALBERTO FERREIRO E DA PRAZA DA EIRIÑA, CUN ORZAMENTO DE MÁIS DE 270.000 €**

- A Xunta cofinanciará esta actuación cunha achega autonómica que rolda os 190.000 euros
- Trátase de intervir nesta zona situada preto da Colexiata de Santa María de Xunqueira de Ambía, monumento declarado Ben de Interese Cultural e Monumento Histórico-Artístico, e no ámbito de protección do Camiño de Santiago
- Actualizaranse as instalacións urbanas existentes e executaranse as preinstalacións precisas para que no futuro non se teña que intervir na pavimentación
- A execución das obras enmárcase no Plan Hurbe, un programa impulsado polo Goberno galego co que se contribúe a promover o desenvolvemento dos núcleos rurais da comunidade como motores de dinamización

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do acordo de colaboración co Concello de Xunqueira de Ambía para a execución das obras de acondicionamento da canella Jorge Alberto Ferreiro e da praza da Eiriña, que suporá un investimento conxunto de algo máis de 270.000 euros.

A través desta cooperación, trátase de intervir nesta zona, preto da Colexiata de Santa María de Xunqueira de Ambía, monumento declarado Ben de Interese Cultural (BIC) en 1985 e clasificado como Monumento Histórico-Artístico no ano 1931, e no ámbito de protección do Camiño de Santiago.

A área de intervención abarca o tramo superior da canella Jorge Alberto Ferreiro e toda a praza da Eiriña. Este espazo está delimitado por edificacións residenciais de carácter tradicional na súa meirande parte.

As actuacións centraranse na actualización das instalacións urbanas existentes, así como na execución das preinstalacións precisas para que no futuro cando sexa necesario reformalas ou implementalas non se teña que intervir na pavimentación.

En concreto, a nivel de instalacións propónse a resolución dos problemas de saneamento actuais, recollida de augas pluviais e a actualización da instalación de iluminación pública. Reporase e actualizarase a sinalética. Por último levarase a cabo a pavimentación.

**Cofinanciamento**

O Goberno galego cofinanciará nun 70 % estas intervencións, cun investimento que rolda os 190.000 euros, e contratará e executará as obras. Pola súa banda, o Concello de Xunqueira de Ambía alcanzará o 30 % restante do custo das actuacións, algo máis de 81.000 euros, realizará as xestións pertinentes para posibilitar a súa execución, e

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS


comprométese á recepción, mantemento e conservación das actuacións que incorporará ao patrimonio público municipal.

A colaboración autorizada hoxe no Consello da Xunta enmárcase no Plan Hurbe, o programa impulsado polo Goberno galego co fin de axudar ás administracións locais a financiar diferentes tipos de intervencións urbanísticas, coincidentes neste caso coa realización de actuacións de mellora de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

A través de liñas de colaboración cos concellos como o Plan Hurbe, a Xunta contribúe a promover o desenvolvemento das vilas e núcleos rurais da comunidade autónoma como motores de dinamización ao converterse en puntos de localización dun importante número de servizos públicos e privados que permiten achegar o modelo urbano a todo o territorio.

O convenio autorizado hoxe no Consello da Xunta, que permitirá acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as actuacións, producirá efectos a partir da data da súa sinatura e estará vixente ata o 31 de decembro de 2027.

Plano de planta:



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA APROBA O PLAN GALEGO DE SAÚDE AMBIENTAL, CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 2,7 M € PARA AFRONTAR OS RISCOS SANITARIOS DA CONTAMINACIÓN**

- O documento establece a folla de ruta para previr e minorar o impacto das patoloxías asociadas á contaminación do aire e das augas, ao cambio climático e a outros riscos ambientais
- Estrutúrase en sete liñas estratéxicas que abranguen a vixilancia sanitaria e epidemiolóxica, a avaliación de riscos, a saúde laboral, a investigación e innovación, a formación e a coordinación entre administracións
- A iniciativa reforza o programa de control das augas de baño, que este verán acada un novo récord coa vixilancia sanitaria de 506 zonas en 120 concellos
- Afóndase na prevención a través da Rede Galega de Vixilancia de Vectores, da que xa forman parte 31 concellos desde a chegada do mosquito tigre a Galicia
- O plan reúne outras iniciativas relevantes, como a Estratexia Galega Reduce Radon ou a web específica con información pública sobre a calidade do aire, o cambio climático e os seus efectos sobre a saúde

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Plan galego de saúde ambiental, un instrumento estratéxico destinado a reducir o impacto dos factores ambientais sobre a saúde da poboación e a promover contornas máis saudables e que suporá un investimento previsto en cinco anos de 2.722.087 euros.

O desenvolvemento do plan permitirá reforzar programas de saúde ambiental mediante convenios coas universidades galegas e outras entidades colaboradoras, así como garantir os recursos necesarios para a actividade inspectora e de vixilancia desenvolvida polos servizos de saúde pública da Consellería de Sanidade.

Segundo a Organización Mundial da Saúde, arredor dunha cuarta parte da carga mundial de enfermidade e mortalidade está asociada a factores ambientais. Neste contexto, o documento establece unha planificación para os próximos cinco anos orientada á prevención de enfermidades relacionadas coa contaminación ambiental, o cambio climático e outros factores físicos, químicos e biolóxicos presentes na contorna.

O Plan galego de saúde ambiental estrutúrase en sete grandes liñas de actuación, que inclúen a vixilancia dos factores de risco ambiental, a epidemioloxía ambiental, a avaliación sanitaria de plans e proxectos, mecanismos de coordinación interdepartamental fronte a riscos ambientais, a vixilancia da saúde laboral, a formación e a educación sanitaria e o impulso da investigación e da innovación.

Entre as accións previstas figuran o reforzo dos programas de control das augas de consumo, das zonas de baño, das piscinas, dos produtos químicos, dos vectores transmisores de enfermidades ou da sanidade mortuoria, así como a avaliación dos

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

efectos da contaminación atmosférica, do radon, do pole ou das temperaturas extremas sobre a saúde.

En concreto, afondarase en iniciativas de contrastado éxito como o Programa de vixilancia sanitaria das zonas de baño de Galicia, que cada ano aumenta o número de praias, lagos ou ríos analizados. Así, en 2026 acádase o máximo histórico con 506 zonas rexistradas en 120 concellos.

Ademais do incremento da cantidade de zonas de baño analizadas, destaca tamén o mantemento dunha alta calidade das augas, tanto continentais como marítimas, xa que en 2025 o 97,7 % das augas das zonas de baño galegas contan con calidade excelente ou boa, por riba da media nacional e da Unión Europea, dun 95,2 % e un 93,9 % respectivamente.

### Concepto dunha única saúde

A Xunta segue o enfoque *One Health* (unha soa saúde), que recoñece a interdependencia entre a saúde humana, a animal e os ecosistemas.

Tendo en conta o cambio climático, a Consellería de Sanidade ten á disposición da cidadanía a [web Aire Saúde](#), na cal se actualiza a información sobre a calidade do aire, a predición de presenza de pole ou de episodios de calor que afecten á saúde, entre outros aspectos.

A aprobación deste plan consolida o traballo desenvolvido en materia de saúde ambiental e resérvase investimento para manter o convenio coa Universidade de Santiago de Compostela para a Cátedra de Saúde Ambiental; coa Universidade de Vigo e a creación da Rede Galega de Aerobioloxía; ou con ambas as universidades coas que a Xunta coordina a Rede Galega de Vixilancia de Vectores (Regavivec).

É de salientar a implicación veciñal e municipal na Rede Galega de Vixilancia de Vectores desde a aparición, en 2023, do mosquito tigre en Galicia. Actualmente son 31 os concellos que se adheriron á rede para colaborar na prevención e detección deste insecto que, de estar infectado, pode actuar como vector transmisor de enfermidades como son o dengue, chikungunya ou Zika. Ademais das trampas instaladas pola Rede Galega de Vixilancia de Vectores para detectar exemplares de mosquito tigre, a cidadanía tamén pode colaborar a través da aplicación móbil Mosquito Alert na que especialistas en entomoloxía confirmarán se se trata desta especie de vector.

A Consellería de Sanidade tamén dirixe accións cara á diminución da incidencia do cancro de pulmón asociada ao gas radon, a través da Estratexia Galega Reduce Radon 2025-2030. A Xunta busca reducir o nivel de exposición da cidadanía a este gas incoloro, inodoro e insípido, especialmente abundante en Galicia debido, entre outras cousas, ao alto contido en granito do subsolo.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Polo tanto, o Plan galego de saúde ambiental 2026-2030 condensa todos os aspectos deste ámbito que teñen repercusión na saúde da poboación.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DESTINA MÁIS DE 181.000 € Á ASOCIACIÓN ÉRGUETE PARA DESENVOLVER PROGRAMAS DE ATENCIÓN XURÍDICO SOCIAL CO OBXECTIVO FINAL DA INCORPORACIÓN SOCIAL DE PACIENTES CON TRASTORNOS ADICTIVOS**

- A través deste acordo préstase unha atención integral e gratuíta ás persoas no ámbito das condutas adictivas que poidan ter problemas legais
- Ofrécese información, asesoramento e orientación para reducir o desamparo e a indefensión que pode sufrir este colectivo
- Ao abeiro desta colaboración, que incrementa o seu orzamento nun 2 %, foron atendidas o ano pasado pola asociación Érguete máis de 800 persoas
- No marco deste programa de atención xurídico social, o Servizo Galego de Saúde destina máis de 311.000 € a colaboracións con cinco entidades máis

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe, por importe de 181.390 euros, o convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Érguete para o desenvolvemento do programa de atención xurídico social, encadrado nos programas de incorporación social a pacientes con trastornos adictivos que promove a Xunta.

Con este convenio, que incrementa o seu orzamento nun 2 % con respecto ao ano anterior, mantense o servizo de información e orientación socio-xurídico para as persoas atendidas pola entidade sen ánimo de lucro.

Ao abeiro desta colaboración, o pasado ano foron atendidas 840 persoas por parte da asociación: 630 homes e 210 mulleres.

A través deste acordo préstase unha atención integral e gratuíta ás persoas no ámbito das condutas adictivas que poidan ter problemas legais. Ofrécese información, asesoramento e orientación para reducir o desamparo e a indefensión que pode sufrir este colectivo.

Deste xeito, mellórase a súa asistencia outorgando cobertura de apoio e documental ao ámbito xudicial (xulgados, comisarías ou prisións). Este traballo inclúe tanto a usuarios coma a xuíces, fiscais, avogados e a propia institución penitenciaria da súa área de influencia, a provincia de Pontevedra.

Este ano tamén o Servizo Galego de Saúde destinará 311.778 euros ao desenvolvemento do citado programa de atención xurídico social a través de convenios coas asociacións Aliad-Ultreia, Antonio Noche, Rexurdir Provincial, Asociación Renacer e Asociación Vieiro.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **Coordinación social e asistencial**

O perfil social das persoas atendidas é variado, pero gran parte delas presentan dificultades de adicións para a súa incorporación social por estar incursas en procedementos xudiciais que poden comportar un ingreso en prisión e dificultar así os seus procesos de recuperación.

As complexas situacións e circunstancias derivadas das adicións necesitan de instrumentos de asesoramento e orientación técnica e profesional por un equipo multidisciplinar e experto na materia, para prestar cobertura en todas as situacións persoais, sociais e xudiciais nas que se vexan involucrados.

En consecuencia, a través do convenio autorizado hoxe, a Xunta promove a atención integral ás persoas con condutas adictivas. De igual xeito, actúa como porta de entrada nos recursos clínico-asistenciais.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA AUTORIZA A COMPRA DE VARIOS TRATAMENTOS INNOVADORES CONTRA OS CANCROS DE MAMA E OVARIO POR 48 M€

- Case 36 M€ irán para anticorpos monoclonais e conxugados para o tumor de mama, o máis frecuente entre as mulleres
- Supoñen un “gran avance respecto da quimioterapia convencional”, ao permitir unha administración que combate directamente as células tumorais e ao resultar menos tóxica para as pacientes
- Outros 11,7 M€ van para tres fármacos de precisión, fronte os cancros de mama e ovario
- Permiten un tratamento máis personalizado ao axustar a terapia ao estadio ou perfil xenómico do tumor

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Consello aprobou destinar “case 48 millóns de euros á compra de varios medicamentos de última xeración para loitar contra o cancro de mama e de ovario”. Unha adquisición que se enmarca na aposta do Goberno autonómico por estar sempre á vangarda nos tratamentos que se ofrecen nos hospitais públicos.

Por unha parte, o Consello autorizou a contratación, mediante acordo marco, de anticorpos monoclonais e conxugados para o tratamento do cancro de mama no conxunto dos centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde. O Executivo galego deu luz verde a un investimento de 35.927.636 euros na adquisición destas terapias innovadoras.

No marco da Estratexia galega de oncoloxía de precisión, tal e como explicou o presidente, este tipo de tratamentos representa “un gran avance respecto á quimioterapia” convencional, ao permitir unha administración que combate directamente as células tumorais e ao resultar potencialmente menos tóxica para as pacientes. “Menos agresivos e máis eficaces”, salientou.

O contrato terá unha duración inicial dun ano e prevé unha posible ampliación por 12 meses máis.

Distribúese en 5 lotes e inclúe a compra dos fármacos: *Trastuzumab emtansina*, *Trastuzumab deruxtecán*, *Pertuzumab* e *Sacituzumab govitecán*.

Na actualidade, para o tratamento do cancro mama con expresión HER2+, empréganse os anticorpos monoclonais *Pertuzumab* e a combinación de *Pertuzumab con Trastuzumab* como dobre bloqueo anti-HER2 en primeira liña do cancro localmente recidivante irreseccable ou metastásico. Así mesmo, ambos os anticorpos tamén dispoñen de indicación como tratamento neoadxuvante, e poden administrarse antes dunha cirurxía co obxectivo de reducir o tamaño do tumor e facilitar a súa extirpación.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Pola súa banda, *Sacituzumab govitecán* está indicado para o tratamento de pacientes adultas con cancro de mama triplo negativo irresecable ou metastásico (CMTNm), naqueles casos nos que se administrasen dous ou máis tratamentos sistémicos previos.

### O cancro de mama en Galicia

Tal e como explicou o presidente, segundo os últimos datos do Rexistro Galego de Tumores, Regat, no ano 2023 o cancro de mama “foi o tumor máis frecuente entre as mulleres galegas” con 2.396 novos casos diagnosticados e unha taxa bruta de 171 casos por cada 100.000 mulleres.

A elevada heteroxeneidade biolóxica e xenética do cancro de mama adoita levar aparellado un plan terapéutico personalizado. Xa que logo, con este acordo marco o Executivo galego mantén a súa aposta por avanzar no ámbito da medicina de precisión e achegar á poboación as solucións terapéuticas máis innovadoras e de vangarda.

### Inhibidores de polimerasa

Por outra parte, o Consello da Xunta tamén autorizou contratación, mediante acordo marco e por importe de 11.774.480,61 euros, da subministración sucesiva de tres tipos de medicamentos inhibidores da polimerasa para pacientes con cancro de ovario ou de mama dos centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde.

O expediente divídese en tres lotes, un por cada tipo de medicamento, e ten unha duración dun ano, con posibilidade de prórroga ata dous anos como máximo.

Os medicamentos inhibidores da polimerasa representan unha clase terapéutica de gran relevancia clínica na oncoloxía moderna, sendo un claro exemplo de medicina de precisión. O seu mecanismo de acción explota unha vulnerabilidade específica do tumor (como as mutacións do xene BRCA ou outras alteracións na vía de reparación do ADN) para potenciar a morte celular.

As diferenzas entre os distintos medicamentos inhibidores da polimerasa permiten personalizar o tratamento e seleccionar o máis adecuado en función do tipo de cancro e do seu estadio, do perfil xenómico do tumor (por exemplo, pola presenza e tipo de mutación BRCA), da indicación do tratamento (primeira liña, mantemento, segunda ou liñas posteriores) ou do perfil de comorbilidades do paciente e do perfil de toxicidade de cada medicamento.

Os fármacos *Olaparib*, *Niraparib* e *Rucaparib* están indicados para mulleres con cancro de ovario, e *Olaparib*, adicionalmente, tamén para o tratamento de pacientes con cancro de mama con mutacións nos xenes BRCA 1 ou BRCA 2.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Esta subministración forma parte dos seis expedientes de medicamentos de farmacia hospitalaria que o Servizo Galego de Saúde ten planificado licitar no que queda de ano de maneira centralizada.

### **Incidencia cancro de ovario**

O cancro de ovario representa o décimo cancro máis frecuente en mulleres, cunha incidencia de arredor dos 9,9 casos por cada 100.000 habitantes. Segundo o último informe pechado do Rexistro galego de tumores, Regat, sobre a incidencia, en 2023 diagnosticáronse 220 casos de cancro de ovario.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA CONTA ESTE ANO CON 1,8 M € PARA PROGRAMAS SOCIAIS DIRIXIDOS Á XUVENTUDE E AO VOLUNTARIADO CON CARGO AO 0,7 % DO IRPF

- O Consello autoriza o pagamento anticipado das subvencións, paso previo á convocatoria que se publicará nos vindeiros días no *Diario Oficial de Galicia*
- A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude potencia unha iniciativa que nos últimos tempos constituíu un relevante instrumento de vertebración social
- O Goberno galego destaca o valor engadido de que sexa a cidadanía a que colabore nestas accións a través da súa declaración anual da renda
- A partida, que aumenta en 100.000 € a anterior, repártese en axudas que van desde os 10.000 € aos 30.000 €
- Están destinadas a entidades do terceiro sector para a realización de proxectos a prol da mocidade que teñen que ver coa saúde, o emprego, o desenvolvemento de habilidades ou o equipamento de locais xuvenís

A Xunta de Galicia destina este ano 1,8 M € ás axudas con cargo ao 0,7 % do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto de sociedades para a realización de programas de carácter social vencellados á xuventude e a accións de voluntariado. Trátase dunha vía de financiamento que nos últimos anos constituíu un relevante instrumento de vertebración social, permitindo a implementación de importantes iniciativas neste eido e que teñen o valor engadido de que se levan a cabo a través da asignación tributaria da cidadanía coa súa declaración anual da renda.

Así, o Consello deu o visto e praxe hoxe á autorización do pagamento anticipado das subvencións, paso previo á súa convocatoria, que se publicará nas vindeiras semanas no *Diario Oficial de Galicia*. Deste xeito, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude continúa a potenciar un programa que se divide en catro liñas ás que se destinan 100.000 € máis que no exercicio anterior: unha para actuacións dirixidas á xuventude (723.885 €), outra para propostas destinadas ao voluntariado (683.011 €) e outras dúas, que funcionan desde 2024, para mellorar os locais das entidades xuvenís (200.000 €) e de voluntariado (200.000 €), de maneira que contén con partidas para acondicionar as súas instalacións e con recursos para a adquisición de material e equipamento.

O obxecto das subvencións son os programas de interese para a cidadanía que teñan fins de carácter social e que se vaian desenvolver integramente en Galicia durante o ano 2027. No que respecta ás actuacións dirixidas á xuventude, centranse en propostas que teñan que ver coa prevención de riscos contra a saúde da mocidade e coa promoción de hábitos de vida saudables. De igual xeito, tamén serán obxecto destas axudas aqueles proxectos que procuren a mellora da empregabilidade da xente nova, ao igual que aquelas iniciativas de educación non formal que faciliten a súa integración social.

En canto ao ámbito do voluntariado, valoraranse as iniciativas que promovan a participación activa en accións deste tipo a través de entidades que se dediquen a este

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

fin. Tamén serán obxecto desta subvención aqueles programas dirixidos á formación das persoas voluntarias, así como á adquisición de experiencias que permitan obter novas habilidades e competencias ou melloralas. A estes engádense os que teñan como finalidade sensibilizar a poboación en xeral sobre a importancia da acción voluntaria e o seu recoñecemento como axente de cambio e transformación social, destacando o acompañamento de maiores ou o coidado do medio ambiente.

No que respecta ao equipamento das entidades xuvenís e de acción voluntaria, poden pedir as axudas para investir na rehabilitación e acondicionamento dos locais onde prestan os seus servizos, así como para outras necesidades xustificadas, coma a adquisición de material ou vehículos.

### **Axudas desde os 10.000 € para entidades sen ánimo de lucro**

Poderán concorrer a esta convocatoria a Cruz Vermella Española e as entidades do terceiro sector de acción social sempre que reúnan certos requisitos, como o de estar legalmente constituídas con dous anos de antelación á data da publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* e estar debidamente inscritas no correspondente rexistro administrativo de ámbito autonómico, coma o Rexistro de Entidades Xuvenís ou o Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia.

De igual xeito, deben carecer de ánimo de lucro e os seus fins institucionais teñen que corresponder á realización e á execución de programas sociais de similar natureza á dos programas a que van dirixidas estas axudas, ademais de acreditar experiencia e especialización de polo menos dous anos na execución deste tipo de accións.

Tamén cómpre precisar que o orzamento mínimo por cada proxecto para poder acceder ás axudas debe ser de 5.000 €. Ademais, segundo o ámbito de actuación (autonómico, local ou provincial) da federación, confederación, agrupación, entidade ou asociación determinarase o número máximo de iniciativas coas que pode concorrer, así como a contía máxima que se concederá para cada unha delas, que pode ir desde os 10.000 € ata os 30.000 €.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA CUADRIPLICA ATA 1.200.000 EUROS A DOTACIÓN DAS AXUDAS PARA A POSTA EN MARCHA DE FUTUROS FILMES GALEGOS**

- O elevado incremento responde á inclusión este ano dun apartado específico para a presentación de paquetes de proxectos, ao que se destinan 900.000 euros
- A convocatoria está cofinanciada entre fondos propios da Comunidade autónoma e fondos FEDER da Unión Europea
- Esta liña completa a política de apoio á industria audiovisual do Goberno galego, impulsando a preproducción de películas e series cara á súa rodaxe nos vindeiros anos

O Consello da Xunta aprobou hoxe as bases da nova convocatoria de axudas para o desenvolvemento de proxectos audiovisuais galegos, á que este ano destina de xeito excepcional 1.200.000 euros pola inclusión dunha modalidade específica para que as empresas poidan presentar varias propostas agrupadas nun mesmo paquete de accións. O incremento do orzamento, que cuadriplica o disposto no pasado para esta liña de subvencións, cofinanciase de xeito mixto entre a Comunidade Autónoma e a Unión Europea.

Así, do devandito investimento total que canaliza cara ás empresas a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, 400.000 euros correspóndenlle á Xunta (100.000 máis que en 2025) e 800.000 son achegados polos fondos FEDER no marco do programa operativo Galicia 2021-2027.

Estas axudas diríxense a facilitar a posta en marcha de futuras películas e series galegas, incidindo no apoio económico para levar a cabo os traballos de preproducción nas fases máis iniciais dos proxectos. Téñense en conta, deste xeito, os custos de persoal, asesoría e consultaría, a elaboración de materiais previos, os gastos relacionados cos guións e as músicas e mesmo a loxística e a participación nos foros e mercados especializados, con seccións de apoio ao desenvolvemento audiovisual. Ademais, a fórmula de apoio a través dos paquetes que suman varias propostas permítelles ás empresas unha mellor planificación a medio prazo en canto á xestión de recursos e de fomento do emprego.

Para chegar ás pantallas, nos anos seguintes os proxectos poderán optar ás subvencións da Xunta e doutros organismos estatais e europeos para continuar coa súa produción ou coprodución e rodaxe, así como para a súa difusión e circulación.

A dotación da convocatoria, que se resolverá en réxime de concorrencia competitiva, está repartida entre 300.000 euros para a categoría de proxectos individuais e 900.000 para a de paquetes integrados pola suma de tres ou catro proxectos. Dispón tamén que as axudas poden chegar ata os 30.000 euros no caso de longametraxes de animación e series de ficción ou animación, ata 25.000 euros para longas de ficción e ata 20.000 euros para series ou longametraxes cinematográficas documentais.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A liña de subvencións ao desenvolvemento forma parte do investimento directo no sector audiovisual a través do programa anual de apoio por valor de 8 M € executado pola Xunta de Galicia para acompañar economicamente as empresas en todo o proceso (preproducción, promoción de talento na creación, difusión e distribución). No pasado 2025, foron 14 as empresas produtoras que resultaron beneficiarias dos 300.000 euros adxudicados por esta canle.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**A XUNTA APOIA O CONCELLO DE RIBADAVIA CUNHA ACHEGA DE 1,1 M € PARA A REFORMA E MODERNIZACIÓN DA PRAZA DE ABASTOS E A OBTENCIÓN DO SELO DE MERCADO EXCELENTE**

- O Consello de Goberno autorizou a sinatura dun convenio tripartito no que a Xunta asume o 70 % do investimento, a Deputación de Ourense o 20 % e o Concello o 10 % restante, nunha actuación coordinada entre administracións
- O proxecto, que se executará entre 2026 e 2027, permitirá unha renovación integral do mercado, mellorando instalacións, accesibilidade e servizos e avanzando na súa adaptación ás novas necesidades do comercio de proximidade
- No marco do Plan de impulso da Rede de Mercados Excelentes de Galicia, esta intervención busca que o mercado acade o distintivo xa presente noutras cinco prazas galegas, reforzando así a súa competitividade e actividade comercial
- Ademais, dá continuidade ao protocolo de colaboración coa Deputación de Ourense para a mellora das prazas de abastos da provincia mediante convenios cos concellos participantes, como os xa asinados co Carballiño e con Xinzo de Limia
- A intervención reforzará o comercio de proximidade en Ribadavia como polo de atracción, ao que se suma o proxecto piloto Vilas Vivas, ao abeiro do que acaban de arrancar os Domingos Vivos, orientados á dinamización da zona histórica

O Consello da Xunta autorizou hoxe á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración a subscribir un convenio de colaboración coa Deputación de Ourense e o Concello de Ribadavia para impulsar a reforma e modernización da praza de abastos da vila, cun investimento total de 1,6 M €, dos que a Xunta achegará máis de 1,1 M €. O obxectivo desta actuación, que se desenvolverá en dúas anualidades, é que o mercado acade o selo de Mercado Excelente, reforzando a súa competitividade, a súa actividade comercial e o seu atractivo como espazo de referencia tanto para a veciñanza como para o turismo. O convenio inscríbese no Plan de impulso da Rede de Mercados Excelentes de Galicia e no protocolo de colaboración asinado coa Deputación de Ourense para a mellora das prazas de abastos da provincia.

A través deste convenio tripartito —no que a Xunta financia o 70 % do investimento, a Deputación o 20 % e o Concello o 10 %— acometerase unha actuación integral destinada a modernizar a praza de abastos de Ribadavia, fortalecendo tanto o mercado tradicional como o mercado de produtores. A intervención permitirá poñer en valor os produtos frescos e de proximidade, mellorar os servizos ofrecidos á clientela e consolidar este espazo como motor do comercio local, favorecendo ao tempo a súa función como punto de encontro social e dinamizador da actividade económica do municipio.

Os traballos desenvolveranse entre 2026 e 2027. Durante o presente ano executaranse as actuacións iniciais da obra, incluíndo os labores previos, as actuacións estruturais e de cuberta ou os revestimentos e acabados interiores. Na segunda anualidade completárase a reforma coa renovación da fachada, a carpintaría, o mobiliario e o equipamento, así como co remate das instalacións e dos acabados, mellorando a

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

accesibilidade, a funcionalidade e a eficiencia do edificio para adaptalo ás novas necesidades do comercio de proximidade.

Con esta actuación búscase que a praza de abastos de Ribadavia pase a formar parte da Rede de Mercados Excelentes de Galicia, integrada na actualidade por cinco mercados: Tomiño, Vilagarcía de Arousa, Pontedeume, Carballo e Ribeira. A previsión da Xunta é acadar os 25 mercados distinguidos con este selo ao abeiro do Plan estratéxico do comercio de Galicia 2025-2030.

### **Plan autonómico e convenio coa Deputación de Ourense**

O apoio de máis de 1,1 M € á praza de abastos de Ribadavia dá continuidade á estratexia da Xunta para impulsar a modernización dos mercados municipais galegos a través do Plan de impulso da Rede de Mercados Excelentes de Galicia, destinado a apoiar actuacións de reforma, mellora e modernización das prazas de abastos que cumpran os requisitos establecidos. Entre eles figuran contar cunha ordenanza municipal actualizada, dispoñer dunha diagnose da situación e usos do mercado, localizarse nunha zona comercial de relevancia e presentar un proxecto de reforma adaptado ás necesidades detectadas. Esta liña de actuación complementábase co protocolo de colaboración asinado en febreiro entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e a Deputación de Ourense para favorecer a modernización das prazas de abastos da provincia mediante a formalización de convenios cos concellos participantes, como é o caso de Ribadavia e, previamente, do Carballiño e de Xinzo de Limia.

### **Vilas Vivas**

A reforma e modernización da praza de abastos súmase ás distintas actuacións que a Xunta está a impulsar en Ribadavia para consolidar a vila como polo de atracción comercial e turístico ao abeiro do proxecto piloto Vilas Vivas, desenvolvido en colaboración co Concello para recuperar a actividade comercial da zona histórica en baixos en desuso, coa previsión de contar este ano cun total de 15 locais operativos e, a futuro, poder estendelo a outras vilas senlleiras de características similares. No marco desta iniciativa, acábase de poñer en marcha o programa Domingos Vivos, unha proposta que combinará a apertura de novos negocios con sorteos, rutas guiadas e unha ampla programación cultural e gastronómica para incentivar o consumo local e atraer visitantes ao municipio ourensán.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA E O MINISTERIO DE DEFENSA COLABORAN UN ANO MÁIS NA VIXILANCIA DOS MONTES GALEGOS FRONTE AOS INCENDIOS FORESTAIS

- A Consellería do Medio Rural eleva hoxe ao Consello da Xunta a autorización da sinatura do convenio para a posta en marcha da Operación Centinela, que implicará o despregamento dun total de 35 patrullas terrestres e dous equipos de mantemento móbil
- O acordo, que conta cun orzamento de 593.800 euros de fondos propios, prevé a posibilidade de que as patrullas poidan realizar vixilancia aérea complementaria mediante unidades dron no caso de ser necesario
- Estas unidades militares actuarán sobre o territorio entre o 10 de agosto e o 25 de setembro, adiantando a súa operativa cinco días con respecto ao ano 2025
- O persoal do Exército sumarase así ao dispositivo de loita contra os incendios forestais, que na tempada de alto risco chega a ter máis de 7.000 efectivos, contabilizando tanto aos profesionais propios da Xunta como os adscritos a outras administracións

A Consellería do Medio Rural eleva hoxe ao Consello da Xunta a autorización da sinatura do convenio entre o Ministerio de Defensa e o Goberno autonómico, co obxectivo de traballar de xeito conxunto un ano máis na vixilancia dos montes galegos fronte aos incendios forestais. A coñecida como Operación Centinela ten como obxectivo reforzar a vixilancia e a identificación dos potenciais causantes destes incendios, ao tempo que se busca que a propia presenza dos militares no monte disuada aos posibles responsables de prácticas delituosas.

No marco deste convenio despregaranse sobre o territorio, con misións de vixilancia e disuasión, un total de 35 patrullas militares terrestres e dous equipos de mantemento móbil, un do Exército de Terra e outro da Armada, mantendo así a mesma unidade operativa que no 2025. A maiores, o acordo prevé a posibilidade de que as patrullas poidan realizar vixilancia aérea complementaria mediante unidades dron no caso de ser necesario.

A principal novidade reside na data de inicio da operativa, que se adianta cinco días con respecto ao 2025. Así, estas unidades militares actuarán sobre o territorio entre o 10 de agosto e o 25 de setembro. Cabe sinalar que a Consellería do Medio Rural financiará con fondos propios esta iniciativa, cuxo importe ascende ata os 593.800 euros, un orzamento algo superior ao do 2025 debido á actualización dos importes do Ministerio de Defensa.

#### **Pladiga 2026**

O persoal do Exército sumarase así ao dispositivo de loita contra os incendios forestais, que na tempada de alto risco -que comprende dende o 1 de xullo ao 30 de setembro- chega a ter máis de 7.000 efectivos, contabilizando tanto os profesionais propios da

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Xunta como os adscritos a outras administracións. Deste xeito procúrase tamén a mellora da seguridade das persoas e dos bens e, en xeral, a protección e a defensa da riqueza forestal da nosa comunidade autónoma fronte a ameaza dos lumes.

Así se recolle na actualización do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Pladiga) correspondente ao ano 2026, que prevé o maior importe da súa historia con 213 millóns de euros, un 18 % máis con respecto ao ano pasado, con reforzo tanto en medios materiais, tecnolóxicos e persoais. Deste orzamento, 75,38 millóns van destinados de xeito específico para prevención, o que supón un 50 % máis en comparación co ano 2025.

Este documento inclúe tamén importantes novidades, como é o lanzamento da aplicación móbil *ALume*, xa dispoñible para descarga, que lle permite a cidadanía alertar dun incendio forestal dunha forma áxil e sinxela, favorecendo tamén a detección temperá dos lumes. Cómpre lembrar que esta *app* actúa de xeito complementario á canle habitual do 085.

Outra das novidades tecnolóxicas incluídas no Pladiga 2026 é a incorporación da intelixencia artificial ao sistema interno de xestión para detectar de forma automática os focos iniciais dun incendio a través do fume, así como o aumento dun 30 % da rede de cámaras de videovixilancia.

En relación cos medios materiais, haberá 16 novos *bulldozers* e refórzanse os medios aéreos con dous novos avións de carga en terra, un de coordinación e un helicóptero pesado. En total, serán 24 os dependentes da Consellería, aos que cómpre engadir os do Goberno central. No eido de melloras de persoal, incorpóranse 42 novas brigadas na época de alto risco e increméntase o número de membros da Unidade de Directores de Extinción (Udex), especializada en grandes incendios forestais, que pasa de 6 a 15 compoñentes.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

[Máis de 300 iniciativas presentáronse ao programa \*O Teu Xacobeo\* para este ano](#)

### **RUEDA DESTACA A APROBACIÓN DE 56 PROXECTOS IMPULSADOS POLA CIDADANÍA E PEMES ESTE 2026 COMO ANTESALA DA CELEBRACIÓN DO XACOBEO 2027**

- Salienta que o 55 % das iniciativas corresponden ao ámbito artístico, cun total de 31 propostas; 10 proxectos están vinculados ao patrimonio, sete ao ámbito social, seis ao deportivo e dous á transformación dixital
- O programa garante unha ampla implantación territorial, con 22 proxectos na provincia da Coruña, 17 na de Pontevedra, 14 na de Lugo e cinco na de Ourense
- A segunda convocatoria de 'O Teu Xacobeo' abrirase entre o 1 e o 31 de outubro de 2026 e estará destinada aos proxectos que se desenvolvan ao longo do ano 2027

O Consello da Xunta analizou esta mañá o informe de seguimento do programa *O Teu Xacobeo*, dando conta daquelas iniciativas que se desenvolven na anualidade 2026. Así, tal e como indicou o presidente, Alfonso Rueda, "concedéronse axudas a 56 proxectos impulsados por autónomos e pequenas empresas e entidades sen ánimo de lucro" que contribuirán á dinamización e promoción dos valores xacobeos en toda Galicia na antesala do Xacobeo 2027.

Nesta convocatoria presentáronse 314 solicitudes, das que 130 corresponderon á liña dirixida a autónomos e pemes e 184 á destinada a entidades sen ánimo de lucro. Tras o proceso de avaliación en réxime de concorrencia competitiva, resultaron beneficiarios 56 proxectos, dos que 38 pertencen á liña de empresas e persoas traballadoras autónomas e 18 á de entidades sen ánimo de lucro.

A convocatoria 2026, integrada nun programa bianual dotado con 3 millóns de euros para 2026 e 2027, conta nesta primeira anualidade cun investimento de 1 millón de euros, distribuído en dúas liñas: 700.000 euros para persoas traballadoras autónomas e pemes e 300.000 euros para entidades sen ánimo de lucro.

Esta iniciativa, impulsada por Turismo de Galicia, busca implicar a cidadanía e os tecidos asociativo e empresarial na creación dunha programación diversa que poña en valor o Camiño de Santiago e o seu patrimonio material e inmaterial mediante actividades culturais, artísticas, deportivas, sociais, gastronómicas e de pensamento. "Queremos unha programación máis ampla, o máis inclusiva posible e espallada por todo o territorio", indicou Rueda.

#### **Propostas innovadoras e distribuídas por todo o territorio**

O presidente da Xunta explicou que os proxectos aprobados abranguen unha ampla diversidade de disciplinas e ámbitos de actuación. Así, o 55 % das iniciativas corresponden ao ámbito artístico, cun total de 31 propostas, mentres que "10 proxectos

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

están vinculados ao patrimonio, sete ao ámbito social, seis ao deportivo e dous á transformación dixital”.

Entre as iniciativas seleccionadas figuran festivais de música, teatro, danza e cinema, propostas de oralidade e artes escénicas, visitas teatralizadas, documentais interactivos, experiencias inmersivas mediante realidade virtual, actividades educativas, proxectos de divulgación científica, xogo de escape (*scape rooms*) patrimoniais, accións de recuperación da memoria cultural e programas de posta en valor dos diferentes itinerarios xacobeos.

No ámbito deportivo desenvolveranse actividades como torneos de fútbol e xadrez, unha media maratón, iniciativas de surf no Camiño Portugués da Costa ou actividades de caiaic vinculadas ao patrimonio marítimo e xacobeo.

A convocatoria incorpora tamén un importante compoñente social e inclusivo, con “proxectos destinados á participación de persoas maiores, persoas con enfermidade de alzhéimer e outras demencias, actividades interxeracionais, programas de igualdade e iniciativas orientadas ao desenvolvemento rural e á accesibilidade”, explicou Rueda.

As propostas beneficiarias desenvolveranse ao longo dos diferentes itinerarios do Camiño de Santiago e están repartidas por toda Galicia, con 22 proxectos na provincia da Coruña, 17 na de Pontevedra, 14 na de Lugo e cinco na de Ourense, garantindo unha ampla implantación territorial e contribuíndo á dinamización económica, cultural e turística do conxunto da comunidade.

### **Continuidade dun programa de éxito**

O programa *O teu Xacobeo* consolídase como unha das principais ferramentas da Xunta de Galicia para construír unha programación participativa arredor do Xacobeo 2027. Nas edicións anteriores foron apoiados 572 proxectos, cun investimento público de 8 millóns de euros que permitiu mobilizar preto de 15 millóns de euros en iniciativas desenvolvidas por empresas, entidades e colectivos de toda Galicia.

Tal e como indicou o titular do Executivo autonómico, “esta é a primeira convocatoria das axudas do programa e a segunda, dotada con 2 millóns de euros lanzarase en outono

-entre o 1 e o 31 de outubro- para organizar proxectos que se desenvolvan ao longo do ano 2027”.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA MOBILIZA PRETO DE 60 M € PARA MELLORAR O SANEAMENTO NA MARIÑA A TRAVÉS DUNHA SERIE DE ACTUACIÓNS ENTRE AS QUE DESTACA A EDAR DE BURELA**

- O Consello toma razón dun informe de Augas de Galicia sobre as obras executadas, en marcha ou previstas para optimizar os sistemas de saneamento e depuración da comarca, deseñadas para dar servizo a unha poboación de máis de 78.000 persoas
- Cun custo estimado de 8,7 M €, o organismo hidráulico xa está en disposición de licitar a construción da futura depuradora de Burela, cun prazo de execución previsto de 24 meses, que unha vez operativa poderá atender máis de 13.000 habitantes
- Entre as actuacións rematadas destacan en Viveiro as obras de saneamento de Celeiro, a mellora da condución de vertedura da EDAR municipal e a optimización das liñas de tratamento da depuradora, que suman en total un investimento de 8 M €
- Actualmente están en execución a nova EDAR e os colectores de Foz, cun investimento superior aos 14 M € e con finalización ao longo de 2027, ademais da primeira fase da mellora do saneamento de Burela, á que se prevé destinar 5 M €

A Xunta de Galicia está a mobilizar investimentos por un importe de preto de 60 millóns de euros coa execución e planificación dun completo paquete de actuacións hidráulicas destinadas a mellorar o saneamento e a depuración na Mariña lucense. Entre as máis relevantes, por ser unha das pezas centrais da estratexia deseñada por Augas de Galicia para esta comarca, destaca a nova estación depuradora de augas residuais (EDAR) de Burela, unha infraestrutura cun custo estimado de 8,7 millóns de euros, que se licitará proximamente para poder comezar as obras en 2027.

O Consello tomou razón hoxe dun informe que recolle as principais intervencións xa executadas nesta zona, as que están actualmente en obras e as que tramita Augas de Galicia para poder impulsalas a curto prazo co obxectivo común de garantir a prestación e a calidade do servizo para unha poboación total de máis de 78.000 persoas.

Neste sentido, cómpre subliñar que o organismo hidráulico leva máis dunha década desenvolvendo unha estratexia global e continuada para reforzar o saneamento e o tratamento das augas residuais que se xeran nos concellos desta comarca lucense. No marco dunha primeira fase executada desde 2009 investíronse xa 22,1 millóns de euros que permitiron ampliar a capacidade de depuración, executar novas redes, mellorar as infraestruturas hidráulicas existentes e reforzar os sistemas de vertedura con actuacións en Ribadeo, Foz, Cervo, Viveiro, Xove e O Vicedo.

Nos últimos tres anos, a prioridade do organismo hidráulico foi darlle continuidade a esa planificación centrando agora os esforzos en mellorar os sistemas que dan servizo a Viveiro, Foz e Burela, cunha nova carteira de proxectos que suman en total uns 35,9 millóns de euros en investimentos comprometidos.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No caso concreto de Burela, a intervención máis destacada no municipio é a construción da nova EDAR, cuxo expediente de contratación sairá a licitación proximamente logo de ser autorizado polo Consello da Xunta.

Cun custo total estimado de 8,7 millóns de euros –cofinanciados nun 60 % a través do programa FEDER 2021-2027–, a futura infraestrutura está deseñada cun caudal medio de 3.419,3 m<sup>3</sup>/día para atender unha poboación de algo máis de 13.000 persoas e substituirá a actual depuradora, construída en 1999 e que a día de hoxe presenta limitacións en canto a capacidade, rendemento e parámetros de tratamento das augas que recibe.

Ademais, esta instalación –cun prazo de execución de 24 meses– completará a mellora do sistema de saneamento en Burela, actuación dividida en dúas fases.

A primeira delas está agora en execución, ten remate previsto a finais de 2026 e inclúe a construción dun colector xeral, unha estación de tratamento e bombeo na zona portuaria e varias impulsións, colectores e un bombeo secundario, por un custo total de 5 millóns de euros.

Así mesmo, a outra intervención hidráulica na Mariña que está actualmente en obras é a obra dos colectores xerais e da nova EDAR de Foz, cun investimento de 14,1 millóns de euros e finalización ao longo de 2027. O obxectivo deste proxecto (que inclúe tamén un tanque de tormentas e a demolición da depuradora existente) é resolver a insuficiencia de capacidade do sistema actual e adaptalo ás necesidades reais do concello, especialmente nun ámbito cunha importante variación estacional da poboación.

Por último, no ano 2024 Augas de Galicia rematou e entregou ao Concello de Viveiro dúas obras importantes para a depuración desta zona: o saneamento de Celeiro e a mellora da condución de vertedura da EDAR municipal, cun investimento de 4,1 millóns de euros, e mais a optimización das liñas de tratamento da depuradora, cun custo de 3,9 millóns.

### **Un ámbito costeiro de gran relevancia**

A Mariña lucense é un ámbito costeiro de especial relevancia ambiental, social e económica no que conviven núcleos urbanos, instalacións portuarias, actividades pesqueiras e marisqueiras, usos turísticos e recreativos e espazos naturais de elevado valor medioambiental. A calidade das augas costeiras resulta esencial para a protección dos ecosistemas litorais, para o mantemento de todas as actividades vinculadas ao mar e para garantir a calidade de vida da poboación residente nos concellos da contorna.

Neste contexto, Augas de Galicia vén desenvolvendo desde 2009 unha liña continuada de actuacións para mellorar o saneamento e a depuración nesta comarca en colaboración cos concellos. Un esforzo que intensificou desde 2023, ata sumar un investimento total entre obras executadas, en marcha ou comprometidas de máis de 58 millóns de euros.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As principais aglomeracións urbanas nas que xa se actuou ou se está a actuar son Viveiro, Burela, Foz, Ribadeo, San Cibrao, Cervo, San Martiño e O Vicedo.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA EXECUTA ESTE VERÁN OBRAS DE MELLORA POR IMPORTE DE 86,7 M € EN MÁIS DE 360 CENTROS EDUCATIVOS

- Son obras de construción, ampliación e mellora, o que inclúe 61 grandes actuacións que se inician agora ou nas que se avanza aproveitando as vacacións escolares
- O Plan Ben\_Estar, con obras de pequena e mediana envergadura, inclúe 267 actuacións, con especial fincapé en reparacións tras os temporais do inverno
- O investimento no Plan de nova arquitectura pedagóxica acadará a finais deste ano os 369 millóns de euros a través de 3.370 intervencións realizadas desde 2021

A Xunta terá en execución este verán obras de construción, ampliación e mellora por importe de 86,7 M € en 364 centros educativos. Segundo o informe elevado hoxe ao Consello pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP, a programación dos vindeiros meses eleva a 369 M € o investimento realizado desde 2021 a través de case 3.370 intervencións ao abeiro do Plan de nova arquitectura pedagóxica, a folla de ruta do Goberno autonómico para modernizar as infraestruturas escolares galegas.

O departamento educativo da Xunta intensifica cada verán os traballos para que os centros poidan contar con instalacións renovadas con vistas ao novo curso, así como para avanzar no groso das actuacións –como cambios de cubertas e fiestras ou traballos en fachadas– que son máis complicadas de compatibilizar coa actividade lectiva.

Do total das actuacións programadas para os próximos meses, 61 son grandes obras, cun investimento de 79,6 M €. Isto abrangue, por unha parte, 37 obras impulsadas desde a Consellería de Educación no que vai de 2026 por un importe de 21 M €, que consisten, fundamentalmente, en cambios de cubertas dirixidos a mellorar a eficiencia enerxética dos centros e en instalacións de ascensores en prol dunha maior accesibilidade. Súmanse a elas 24 obras por 58,6 M € procedentes de exercicios anteriores que, pola súa grande envergadura, contan cun prazo de execución superior á anualidade na que se iniciaron.

Por provincias, na da Coruña desenvolveranse na temporada estival 33 actuacións por importe de 38 M €, na de Lugo cinco obras por case 2,8 M €, na de Ourense tres intervencións cun orzamento de máis de 2,1 M € e na de Pontevedra 20 actuacións por 36,6 M €.

Destacan dúas novas construcións: o IES Domingo Villar (Vigo, 17,8 M €) e o Colexio do Milladoiro (Ames, 11,6 M €). Tamén ampliacións como as do Centro Integrado de FP Fontecarmoa (Vilagarcía de Arousa, 3,7 M €); as dos institutos Ramón M<sup>a</sup> Aller Ulloa (Lalín, 3,3 M €), de Pastoriza (Arteixo, 2,1 M €), Muralla Romana (Lugo, 1,6 M €), Lamas de Abade (Santiago de Compostela, 1,4 M €) e de Curtis (1,3 M €); ou as dos colexios plurilingües Ben-Cho-Shey (O Pereiro de Aguiar, 1,9 M €) e Rosalía de Castro (O Grove, 1,7 M €).

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Inclúense tamén neste paquete as rehabilitacións integrais dos centros integrados de FP Ánxel Casal - Monte Alto (A Coruña, 2,5 M €) e Leixa (Ferrol, 1,9 M €); dos institutos Arcebispo Xelmírez II (Santiago de Compostela, 1,8 M €), Sofía Casanova (Ferrol, 1,3 M €) e Manuel Murguía (Arteixo, 1,3 M €), ou as dos seguintes colexios: Pedro Barrié de la Maza (Sada, 1,6 M €), A Gándara (Narón, 1,4 M €), Plurilingüe Barrié de la Maza (Santa Comba, 1,3 M €), Plurilingüe Praia Xardín (Boiro, 1,1 M €), do Seixo (Marín, 1,1 M €), Aurelio Marcelino Rey García (Cuntis, 1,1 M €) e O Areal (Camariñas, 1,1 M €).

Así mesmo, superan o millón de euros intervencións como os cambios de cuberta dos CIFP Valentín Paz Andrade (1,9 M €) e Manuel Antonio (1,5 M €), ambos en Vigo.

Cómpre salientar que boa parte destas actuacións están no seu tramo final de execución, polo que a previsión é rematar ao longo do verán e que estean listas para o inicio do curso.

### **Plan Ben\_Estar 2026**

Ademais das devanditas grandes obras, a Consellería de Educación executa no verán obras de pequena e mediana envergadura que se enmarcan no Plan de benestar e accesibilidade na escola, Ben\_Estar 2026. Trátase de actuacións moi necesarias nos centros, nas que este ano destacan moitas reparacións que é preciso realizar tras os temporais do pasado inverno, e de feito moitas delas xa se foron executando nos últimos meses en relación con arranxos en cubertas, canlóns ou fachadas. Ademais, inclúe reparacións varias, traballos de pintura, pequenas reformas da instalación eléctrica, de fontanaría, saneamento, baños, calefacción, melloras en patios, cambios puntuais de fiestras, portas ou lucernarios, renovación de equipamento de cociña ou adaptación de espazos, entre outros.

Neste caso o departamento educativo da Xunta ten previsto un paquete de 329 obras por 7,2 M €. Na provincia da Coruña están previstas 162 actuacións, cun importe de case 2,8 M €; na de Lugo 41, por case 772.000 €; en Ourense 40 intervencións, cun orzamento de máis de 842.000 €; e en Pontevedra 86 melloras, cun custo de case 2,8 M €.

### **Balance do último lustro**

Co impulso ás obras deste verán, o Plan de nova arquitectura pedagóxica suma xa case 3.370 actuacións para mellorar as instalacións de escolas, colexios, institutos, centros integrados de FP e conservatorios dependentes da Xunta. Delas están rematadas un total de 2.927 (o 86,9 %), e outras 390 están en marcha este verán (o 11,6 %). O 1,5 % restante son actuacións comprometidas ou que, por quedaren desertas, deben volver licitarse.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**O SECTOR TECNOLÓXICO GALEGO EMPREGA PRETO DE 24.000 PROFESIONAIS TRAS CREAR MÁIS DE 3.200 POSTOS DE TRABALLO EN CATRO ANOS**

- Galicia mantén o quinto posto estatal en número de empresas TIC, cun total de 3.179
- A facturación medra case un 6 % nun ano e roza os 4.000 millóns de euros
- A intelixencia artificial consolídase como a tecnoloxía máis implantada, presente no 67,4 % das empresas TIC
- Son os datos dun dos informes anuais que elabora o Observatorio da Sociedade de Información e a Modernización de Galicia para avaliar o grao de dixitalización da Comunidade
- O Consello da Xunta foi informado hoxe do Plan de traballo 2026 do Observatorio e do Balance de actividades 2025

O crecemento sostido do sector tecnolóxico nos últimos anos reflíctese na creación de emprego e no número de empresas, indicadores que seguen a incrementarse. O sector, que emprega un total de 23.993 profesionais, creou 3.253 postos de traballo entre 2021 e 2025. As empresas TIC en Galicia son xa 3.179, un 2,3 % máis que no ano anterior, o que mantén a quinta posición da comunidade a nivel estatal.

No plano económico, o sector xera máis de 1.983 millóns de euros de VEB (2,58 % do PIB galego), mentres o volume de negocio aumenta un 5,9 %, ata os 3.932 millóns de euros. En materia de emprego, o 68,4 % das empresas TIC galegas sinala que resulta difícil ou moi difícil atopar profesionais con formación en especialidades STEM, aínda que esta porcentaxe descendeu un 10,8 % respecto do exercicio anterior.

A intelixencia artificial consolídase como a tecnoloxía máis implantada, presente no 67,4 % das empresas TIC, o que supón un crecemento do 76 % respecto ao ano anterior. As ferramentas de IA máis empregadas son as de xeración de linguaxe natural (75,1 %) e as técnicas de aprendizaxe automática ou *machine learning* aplicadas á análise de datos, cun 46,1 %.

Son datos do informe Galicia Dixital: o Sector TIC de Galicia 2025, un dos estudos anuais que elabora o Observatorio da Sociedade de Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), e do que foi informado hoxe o Consello da Xunta, xunto co Plan de traballo 2026 e o Balance de actividades do 2025.

O Observatorio é o órgano colexiado dependente da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) que mide a evolución da dixitalización na Comunidade. Os datos e informes que proporciona o OSIMGA, en colaboración co Instituto Galego de Estatística, facilitan o seguimento e avaliación das medidas da Estratexia Galicia Dixital 2030.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **Plan de Traballo 2026**

Unha das liñas de actuación previstas no Plan de traballo do OSIMGA 2026 é a incorporación de novos indicadores e a actualización da metodoloxía dos seus estudos para adaptalos á evolución da transformación dixital da Comunidade e ofrecer unha visión máis precisa da penetración das tecnoloxías innovadoras na sociedade, nas administracións e no tecido empresarial.

Segundo recolle o Plan, ao longo deste exercicio publicaranse novas edicións dos estudos e informes sobre a situación da sociedade dixital no rural, infancia e adolescencia, persoas maiores, sector TIC, software libre, administración dixital ou intelixencia artificial.

O Observatorio continuará tamén coa modernización da súa web, incorporando novas funcionalidades, gráficas interactivas, infografías e unha mellor integración do cadro de mando de indicadores para facilitar a consulta da información. Ademais, publicaranse novas pímulas audiovisuais sobre os principais resultados dos estudos elaborados polo OSIMGA.

### **Balance da actividade de 2025**

Tamén se informou ao Consello da Xunta do Balance de actividades 2025, un ano no que o OSIMGA elaborou 43 informes e cumpriu o 100 % dos compromisos asumidos no Programa Estatístico Anual da Comunidade Autónoma de Galicia.

Entre as principais novidades de 2025 destacan a publicación do primeiro informe sobre a ciberseguridade nas empresas galegas, a incorporación de novas liñas de análise sobre tecnoloxías innovadoras e a actualización dos estudos sobre competencias dixitais da cidadanía, persoas maiores e talento STEM. Ademais, adaptouse o cadro de mando ao Sistema de Indicadores da Sociedade da Información, integrado por 975 indicadores que permiten facer un seguimento continuo da evolución da dixitalización en Galicia.

Ao longo de 2025 o Observatorio completou tamén a renovación da súa páxina web, mellorando a experiencia de navegación e o acceso aos informes e indicadores, e incorporou novos formatos divulgativos, como as pímulas audiovisuais dos informes principais e o boletín electrónico trimestral, que conta xa con máis de 3.350 persoas subscritoras.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA ACORDA A LICITACIÓN DA EXECUCIÓN DUNHA SENDA NA ESTRADA PO-313, ENTRE CADRO E CADRELO, EN MARÍN, POR UN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 740.000 EUROS**

- Trátase de construír un novo itinerario peonil e ciclista pola marxe esquerda desta vía de titularidade da Xunta, nunha lonxitude de preto dun quilómetro de lonxitude, incluíndo elementos de drenaxe e estruturas de contención e sostemento de noiros
- Executaranse obras complementarias para garantir a funcionalidade da senda, entre as que se inclúen a instalación dunha parada de autobús á altura do quilómetro 0+700 e a execución de varios treitos de varanda urbana
- O obxectivo é poder adxudicar as obras neste mesmo ano
- Con esta nova senda na PO-313, a Xunta segue a avanzar na consolidación dunha rede de mobilidade sustentable e integrada no contorno, que dá continuidade ás sendas executadas de Coirados – Pardavila e Pardavila – Cadro

O Consello da Xunta acordou hoxe a licitación das obras de construción dunha senda peonil e ciclista na estrada autonómica PO-313, no treito que comunica Cadro e Cadrelo, no concello de Marín.

A licitación desta intervención de mellora da seguridade viaria, e de fomento da mobilidade sustentable, suporá un investimento de 741.529 euros, e permitirá habilitar un novo itinerario na marxe esquerda desta vía da Xunta, de case 1 quilómetro de lonxitude.

As obras deste novo itinerario, que se desenvolverá entre os puntos quilométricos 4+120 e 5+035, incluírá tamén as actuacións complementarias necesarias, nas que se inclúe a execución de elementos de drenaxe e estruturas de contención e sostemento de noiros, dentro do termo municipal de Marín.

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas licitará nas vindeiras semanas esta intervención, coa previsión de adxudicar as obras no 2º semestre deste mesmo ano. O prazo de execución das obras é de 12 meses.


#### **A obra**

A través da execución desta obra, o Goberno galego propónse habilitar un novo itinerario de entre 1,80 metros e dos 2,22 metros de ancho (2 metros de senda e 22 centímetros de beira), reducíndose ao mínimo permitido onde sexa necesario para evitar afectar construcións existentes: muros, galpóns ou peches.

Nesta intervención os carrís de circulación manteranse nos 3,50 m de ancho, con beiravías entre 0,5 e 1,1 m, ampliándose este en zonas puntuais ata os 1,1 m, onde o trazado así o permita.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA PON EN MARCHA A REDE GALEGA DE OFICIOS VIVOS PARA CONSERVAR OS TRABALLOS TRADICIONAIS E ARTESANAIS NO RURAL

- Trátase dun programa pioneiro de voluntariado que busca poñer en valor o coñecemento patrimonial e cultural das persoas maiores de 55 anos
- Levarase a cabo a partir deste mes de xullo en máis dunha vintena de concellos do rural coa finalidade de servir como motor de desenvolvemento e ofrecer oportunidades vitais á mocidade
- Artéllase mediante a participación de persoas expertas nos respectivos oficios como a artesá Belén Leiro, a redeira Geli Martínez ou o mestre oleiro Alberto Lista

A Xunta de Galicia porá en marcha este mes de xullo a Rede Galega de Oficios Vivos, un programa pioneiro de voluntariado interxeracional que busca poñer en valor o coñecemento patrimonial e cultural das persoas maiores de 55 anos co fin de conservar os traballos tradicionais e artesanais do rural. Así se avanzou hoxe no Consello da Xunta onde se deu luz verde ao informe sobre esta iniciativa que chegará a máis dunha vintena de concellos galegos.

Tal e como se recolle no documento analizado hoxe, a iniciativa artéllase mediante a organización de xornadas nas que participarán persoas expertas nos respectivos oficios que guiarán as persoas voluntarias co obxectivo de recuperar os traballos tradicionais, poñer en valor os produtos artesanais e mostrarlles ás persoas mozas as posibilidades de emprego e autoemprego destes. Así mesmo, o novo programa de voluntariado interxeracional tamén busca servir como motor de desenvolvemento do medio rural tratando de aumentar a taxa de poboación e ofrecendo á mocidade oportunidades vitais vinculadas a estes oficios.

Para conseguilo, contarase cun total de 17 expertos en diferentes oficios, entre os que se atopa Belén Leiro, artesá que desenvolve o seu traballo desde unha mirada contemporánea explorando os materiais locais e as técnicas ancestrais. No seu traballo, que se nutre dunha longa herdanza familiar ligada ao oficio artesanal, combínanse cestería, deseño e dirección creativa en proxectos que poñen en valor os procesos manuais, o patrimonio cultural e a paisaxe rural.

Outra das protagonistas será Sandra Bastón, que desenvolve a súa práctica de recuperación e reinterpretación do tecido tradicional galego a través de *pallium*, un proxecto no que se exploran as posibilidades do tear artesanal como ferramenta para conectar memoria, territorio e innovación. Por outro lado, a redeira Geli Martínez compartirá os saberes do oficio, que aprendeu de nena da súa nai, da confección e reparación de redes para a flota do cerco do porto de Cangas.

Por outro lado, Aitor Martínez, torneiro artístico e artesán, combina tradición, innovación e sustentabilidade, creando pezas únicas elaboradas con madeiras locais

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

certificadas e dotadas dunha forte carga simbólica e narrativa. Alén do seu labor creativo, aposta pola divulgación e a posta en valor dos oficios tradicionais.

Participará tamén o mestre oleiro Alberto Lista, responsable de Olería Lista, un obradoiro artesanal dedicado a preservar e difundir a tradición cerámica de Galicia. Así mesmo, Antonio Pereira explicará os detalles do seu traballo na olaría tradicional, combinado a tradición das formas coas últimas tendencias na cor, e da súa experiencia conseguindo que a súa cerámica se utilice de soporte para a presentación de pratos de alta cociña galega e exportándose a nivel internacional.

Outro referente no eido da olaría é Agustín Vázquez, cun traballo que se distingue por unha característica cor amarela que lle achega o uso de barro autóctono. No eido do coiro, pola súa banda, a Rede Galega de Oficios Vivos contará coa presenza do obradoiro galego Jatafarta, especializado no deseño e creación de complementos e pezas de decoración elaboradas con pel de curtido vexetal. Tamén vencellada co eido da pel, participará a marca galega Cabuxa, que combina, desde o seu obradoiro no sur de Galicia, tradición artesanal, innovación e expresión artística para crear complementos únicos.

Así mesmo, participarán nesta iniciativa os talleres Zoclos e Alumearte. No caso do primeiro, realizan zocos de maneira tradicional tendo en conta as medidas do pé de cada cliente polo que resultan pezas únicas. Alumearte, pola súa banda, traballa na creación de xoias e pezas de bixutaría en esmalte ao lume, onde tradición e creatividade se unen para dar lugar a deseños exclusivos e cheos de cor.

Completan o cartel de persoas expertas nos oficios tradicionais os seguintes: a fundación de redaría O Peirao; Ana Rosa Lista, especializada no encaixe de palillos galego e fundadora da Escola Obradoiro de Ana Rosa; Esther Rodríguez Pérez, mestra artesá cesteira con follato de millo, colaboración facilitada pola asociación Oficios Vivos; Javier Carreiras, mestre apicultor; a fundación Terra Termarum, dedicada á protección, investigación e divulgación do patrimonio arqueolóxico a través da cerámica castrexa e os responsables do obradoiro Nela Biosense e Nela Gourmet, dedicados á elaboración de cosmética rural natural e marmeladas artesás.

A rede, que celebrará as súas primeiras xornadas os días 18 e 19 de xullo en Ponteareas e Cuntis, respectivamente, complementa a convocatoria de desenvolvemento de proxectos de voluntariado interxeracional impulsada pola Xunta con 630.000 euros e que busca dinamizar as áreas rurais aproveitando a experiencia das persoas voluntarias de máis de 55 anos para amosar á xuventude as posibilidades e as opcións de desenvolvemento profesional que pode achegar tanto a nivel individual como social.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**A XUNTA REFORZA A REDE DE APOIO AO EMPREGO COA CONTRATACIÓN DE 250 ORIENTADORES LABORAIS EN PRETO DE 125 CONCELLOS E ENTIDADES SOCIAIS**

- O Consello da Xunta analizou hoxe o informe da convocatoria de 2026 destas achegas que, cun investimento superior aos 8,2 M €, permitirán financiar 87 postos en entidades locais e 163 en entidades sen ánimo de lucro
- Esta rede, que o ano pasado atendeu máis de 93.000 persoas, complementa o labor das 54 oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG), achegando un servizo próximo ao territorio e ás persoas con máis dificultades de inserción laboral
- O seu papel é clave na mellora da empregabilidade, mediante a realización de diagnósticos individualizados, deseño de itinerarios personalizados ou acompañamento e asesoría en materia de currículo, formación e mercado laboral
- Ademais, estes profesionais son parte activa no perfilado competencial das persoas demandantes de emprego a través da ferramenta de intelixencia artificial EMI, da que xa se teñen beneficiado máis de 108.000 persoas
- A actuación enmárcase no proceso de modernización do SPEG, xunto con outras medidas como a renovación das oficinas, a implantación de caixeiros autoservizo ou o impulso de accións de contacto directo co tecido empresarial

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración destina máis de 8,2 M € á contratación de 250 persoas técnicas de orientación laboral en preto de 80 concellos das catro provincias e arredor de 45 entidades sen ánimo de lucro de toda Galicia, co obxectivo de reforzar a atención ás persoas desempregadas e mellorar as súas oportunidades de inserción no mercado de traballo. Así o recolle o informe sobre a resolución da convocatoria de 2026 destas achegas, analizado hoxe no Consello da Xunta, que pon de manifesto a consolidación dun sistema de orientación laboral territorializado, complementario á rede de 54 oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) e orientado a achegar os servizos ao conxunto do territorio e ás necesidades reais das persoas e do tecido produtivo.

Estes profesionais desempeñan un papel clave na mellora da empregabilidade, ao realizar diagnósticos individualizados, ao definir itinerarios personalizados de inserción, ao acompañar os procesos de busca activa de emprego e ao ofrecer asesoramento técnico en materia de currículo, formación e mercado laboral. En 2025, esta rede atendeu máis de 93.000 persoas demandantes de emprego, o que dá conta do seu peso como instrumento de proximidade e apoio á inserción laboral.

Do total de contratos que permitirá formalizar a convocatoria, 87 deles corresponden a entidades locais e 163 a entidades sen ánimo de lucro, o que reforza especialmente a cobertura en zonas con menor densidade de recursos de orientación e o que garante unha mellor equidade territorial no acceso ao servizo, ademais da atención de colectivos con maiores dificultades de inserción.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, o persoal orientador contratado en concellos e entidades sen ánimo de lucro ten un papel relevante no desenvolvemento do perfilado competencial que se está a realizar a través da ferramenta de intelixencia artificial EMI, coa que xa se teñen perfilado máis de 108.000 persoas demandantes de emprego, o que permite axustar mellor as recomendacións de formación e inserción ás características reais de cada persoa e ás necesidades do mercado laboral. Todo isto nun contexto no que o mercado laboral galego continúa a rexistrar cifras históricas tras acadar no mes de xuño os datos máis baixos tanto de desemprego, con 105.768 persoas en paro, e os máis altos en canto a afiliacións, chegando a 1.123.034 cotizantes.

Os contratos destes orientadores terán unha duración de 12 meses e están financiados cunha contía de 33.000 euros por cada persoa técnica de orientación laboral, destinada a cubrir tanto os custos salariais como a cotización á Seguridade Social. Tamén se financian módulos adicionais para gastos de funcionamento, formación e apoio técnico, que se incrementan en función do tipo de entidade e das súas características.

### **Modernización e reforzo do SPEG**

O fortalecemento deste sistema de orientación súmase ao proceso de modernización e mellora continua do SPEG, co obxectivo de avanzar cara a un modelo máis accesible, eficiente e centrado nas persoas. Neste contexto, ademais da consolidación da ferramenta EMI, continúaase a avanzar no programa de seguimento intensivo da demanda de emprego, orientado a mellorar a atención dos perfís con maiores dificultades de inserción e a optimizar os recursos dispoñibles. Grazas a esta iniciativa, ofreceuse atención personalizada a case 58.000 persoas, das cales arredor de 18.400 lograron a súa inserción laboral.

Así mesmo, ao longo de 2026 séguense a impulsar actuacións de contacto directo co tecido empresarial mediante sesións grupais e encontros entre empresas e persoas demandantes de emprego, co obxectivo de mellorar o axuste entre oferta e demanda laboral. Estas iniciativas complétanse con outras medidas de modernización, como a renovación das oficinas de emprego, a incorporación de novos caixeiros de autoservizo para trámites habituais —tanto nas oficinas do Servizo Público de Emprego como en 170 concellos rurais—, o impulso da formación continua do persoal do SPEG e o desenvolvemento de actuacións orientadas a mellorar a empregabilidade ao longo de toda a vida laboral.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **GALICIA LIDERA A FOLLA DE RUTA DAS REXIÓNS EUROPEAS PARA O DESEÑO DA FUTURA POLÍTICA PESQUEIRA COMÚN EN BRUXELAS**

O obxectivo é influír no debate comunitario en pleno proceso de revisión Política Pesqueira Común, o deseño da futura Visión 2040 para a pesca e a acuicultura e a negociación do vindeiro Marco Financeiro Plurianual

O Consello da Xunta avaliou hoxe o informe elaborado pola Consellería do Mar sobre o *Manifesto Rumbo á Reforma da Política Pesqueira Común*, promovido no seo da Conferencia de Rexións Periféricas Marítimas (CRPM). Este documento contextualiza e enmarca o posicionamento conxunto do litoral europeo dentro dun diagnóstico rigoroso que se atopa plenamente aliñado coa follla de ruta defendida polo Goberno galego. Este texto dá un paso adiante dentro da intensa axenda europea que Galicia posúe para exercer unha defensa firme e coordinada do complexo mar-industria ante as institucións comunitarias.

O documento parte do diagnóstico da Comisión Europea que valida as advertencias que Galicia leva anos trasladando respecto ao desequilibrio estrutural acumulado no deseño da actual PPC. Os datos amosan un retroceso na soberanía alimentaria do vello continente cunha menor rendibilidade neta da frota e do emprego, así como do envellecemento da frota. Algo que contrasta co crecemento no comercio de produtos pesqueiros importados, incrementando a dependencia exterior da Unión Europea.

Esta acción conxunta das rexións marítimas europeas chega nun momento transcendental para o futuro da pesca, marcado polo proceso de revisión do regulamento base comunitario, o deseño da futura Visión 2040 para pesca e a acuicultura e a negociación do vindeiro Marco Financeiro Plurianual.

A estratexia impulsada por Galicia, que preside o Grupo de Traballo de Pesca da CRPM, esixe un reequilibrio a través dun decálogo de prioridades políticas compartidas. Entre as medidas máis inmediatas, reclámase unha revisión dos límites de capacidade de arqueo e potencia que hoxe actúan como barreira para o investimento nunha frota máis limpa, eficiente e segura para as tripulacións. O texto tamén demanda unha política máis rexionalizada e a reformulación da obriga de desembarque, un modelo que demostrou unha complexidade desproporcionada e que debe ser substituído por un enfoque pragmático baseado na ciencia e na selectividade das artes.

#### **Outras reivindicacións**

Galicia, xunto co resto de rexións, sitúa o capital humano no eixe central da nova PPC, demandando ferramentas eficaces para facilitar a remuda xeracional, para visibilizar o papel das mulleres en toda a cadea de valor e para apoderar a pesca artesanal. Tamén esixe garantir un lugar xusto e seguro para os caladoiros tradicionais na ordenación do espazo marítimo, o que debe ir acompañado dun orzamento robusto e específico no

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

vindeiro Marco Financeiro Plurianual (2028-2034) e o reforzo do control para acadar unha igualdade de condicións (*level playing field*) fronte ás importacións de terceiros países.

### **Alianza internacional**

O Goberno galego continúa avanzando na súa estratexia internacional no marco de foros como o Comité Europeo das Rexións o da propia CRPM para tecer apoios e influír no debate pesqueiro comunitario tendo como guía os ditames aprobados, de xeito unánime, polo Consello Galego de Pesca. Unha posición sólida, sustentada no consenso e no rigor técnico e científico, coas que afrontar as vindeiras negociacións en Bruxelas.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **GALICIA LIDERARÁ NO SEGUNDO SEMESTRE DO 2026 A COORDINACIÓN DA REPRESENTACIÓN DAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS ESPAÑOLAS NO CONSELLO DA UE**

- Toma o relevo de Andalucía, asumindo esta función, así como a de interlocución co Goberno central e coa Reper
- Este período coincidirá co Presidencia irlandesa, que situará entre as súas prioridades a competitividade, a sustentabilidade e a resiliencia do sector pesqueiro europeo
- Con esta posición, Galicia reforza a súa participación nos procesos de decisión que se adoptan en Bruxelas, dando continuidade á defensa da cadea mar-industria e ao seu impulso socioeconómico

O Consello da Xunta deu conta hoxe dun informe da Consellería do Mar sobre a asunción por parte de Galicia da coordinación da representación das comunidades autónomas españolas en materia de pesca ante a formación de Agricultura e Pesca (AGRIFISH) do Consello da Unión Europea durante o segundo semestre do 2026.

Esta representación enmárcase no sistema de rotación acordado polas CCAA no seo da Conferencia para Asuntos Relacionados coa Unión Europea (CARUE) e constitúe un mecanismo de participación autonómica na formación da posición española ante as institucións europeas nos asuntos relacionados coas súas competencias.

Galicia toma así o relevo de Andalucía tras o traspaso celebrado o pasado 25 de xuño na sede da Representación Permanente de España ante a UE (REPER), en Bruxelas. Durante este encontro realizouse un balance do semestre anterior, revisouse o estado dos principais expedientes legislativos en materia pesqueira e analizáronse as prioridades da Presidencia irlandesa do Consello da UE, ademais de abordar os aspectos organizativos necesarios para garantir a continuidade da representación autonómica.

Deste xeito, durante os próximos seis meses, Galicia será a encargada de coordinar as posicións comúns das comunidades autónomas nos asuntos relacionados coa pesca que se sometan á consideración do Consello AGRIFISH. Así, entre outras funcións, corresponderalle convocar e coordinar as reunións técnicas entre as autonomías; realizar o seguimento dos grupos de traballo e dos expedientes europeos; manter a interlocución coa REPER, coa Administración xeral do Estado e co resto das rexións con actividade marítimo-pesqueira; elaborar informes técnicos sobre a evolución das negociación; e trasladar ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación as posicións comúns acadadas.

Así mesmo, nos supostos previstos polos acordos da CARUE, cando exista unha posición común das comunidades autónomas e esta sexa aceptada polo ministerio competente, a persoa titular da Consellería do Mar poderá intervir no Consello da Unión Europea en representación do conxunto das autonomías españolas.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### ***Prioridades do semestre***

O exercicio desta representación coincidirá coa Presidencia irlandesa do Consello da Unión Europea, que sitúa entre as súas prioridades o reforzo da competitividade do sector agroalimentario e pesqueiro, a seguridade alimentaria, a simplificación normativa, a redución das cargas administrativas, a innovación, a dixitalización e a transición enerxética.

Neste contexto, Galicia promoverá a coordinación para acadar posicións comúns sólidas e consensuadas, contribuíndo á formación dunha posición española cohesionada nos principais expedientes europeos en materia de pesca.

Entre os obxectivos da comunidade durante este semestre figuran tamén garantir que as especificidades das rexións con maior dependencia da pesca e do marisqueo sexan tidas en conta nos debates europeos, contribuír a compatibilizar a sustentabilidade ambiental coa viabilidade económica e social do sector, reforzar a coordinación coa Administración Xeral do Estado e asegurar un seguimento permanente dos expedientes europeos de maior impacto para o sector.

A través desta representación, Galicia reforza a participación das comunidades autónomas nos procesos de decisión que se levan a cabo en Bruxelas e contribúe á defensa dunha cadea mar-industria competitiva, sostible e estratéxica para o desenvolvemento económico e social dos territorios costeiros.